Sobre a garantía polo Goberno galego da cesión ao Ateneo de Ourense dun espazo para o desenvolvemento da súa actividade no edificio da rúa do Concello, en que se atopa na actualidade a biblioteca pública de Ourense, tras a materialización do traslado desta ao Complexo de San Francisco

- 27880 (10/POP-003297)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre o prazo previsto para a posta en marcha polo Goberno central do Complexo de San Francisco, en Ourense, que vai conter, entre outros espazos, a futura Biblioteca Nodal e o Arquivo Histórico Provincial

- 27887 (10/POP-003298)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de incluír no Plan estatal de vivenda 2018-2021 axudas para o mantemento dos gastos das vivendas en propiedade, así como dos de alugueiro, para as persoas maiores de 65 anos con menos recursos

- 27893 (10/POP-003299)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a situación en que se atopa a redacción do proxecto básico e de execución da ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol

- 27902 (10/POP-003300)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre a valoración da Consellería de Sanidade respecto da proposta da Sociedade Galega de Pediatría para reorganizar a atención pediátrica

- 27905 (10/POP-003301)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 3 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para persistir na elección do modelo de xestión privada para o centro de menores de Montealegre, en Ourense

- 27930 (10/POP-003302)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para valorar positivamente os datos da enquisa de poboación activa referidos ao ritmo de creación de emprego en Galicia, en relación co resto do Estado, no cuarto trimestre do ano 2017

- 27943 (10/POP-003303)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 4 máis

Sobre as razóns da elección do procedemento negociado sen publicidade para a adxudicación dun contrato de patrocinio da Axencia de Turismo de Galicia para a organización do festival de música *O son do Camiño* en Santiago de Compostela, e cinco concertos nas principais cidades de Galicia no ano 2018

- 27948 (10/POP-003304)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da proposta referida ao medio ambiente, así como á eficiencia enerxética, reflectida no informe do Consello Económico e Social de Galicia titulado *Por unha alianza do sector industrial: 50 propostas*

- 27955 (10/POP-003305)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgunha xestión para a renovación da moratoria que impide a vertedura de residuos nucleares preto da costa atlántica galega

- 27958 (10/POP-003306)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non levar a cabo todos os pagos pendentes das axudas correspondentes á praga de couza guatemalteca da pataca

- 27966 (10/POP-003307)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á adopción de políticas de transparencia e control respecto do diñeiro público destinado ao sector da automoción

- 27975 (10/POP-003308)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da comarcalización dos servizos que prestan o Instituto de Medicina Legal de Galicia (en especial as Unidades de Valoración Forense), as Oficinas de Atención ás Vítimas e a Policía Xudicial nos xulgados específicos de violencia contra a muller

- 27996 (10/POP-003309)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para incrementar a edición de libros en galego e, en particular, a dos destinados á poboación máis nova

- 28006 (10/POP-003310)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación co estado de deterioración e perigosidade que presenta a estrada N-540 na provincia de Lugo

- 28010 (10/POP-003311)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para elixir o modelo de xestión privada para o centro de menores de Montealegre, en Ourense

- 28016 (10/POP-003312)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para o cumprimento do artigo 15 da Lei 52/2007, do 26 de decembro, «da memoria histórica», e a retirada en Beade, na provincia de Ourense, da denominación «Rúa do Caudillo»

- 28028 (10/POP-003313)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para elixir o modelo de xestión privada para o centro de menores de Montealegre, en Ourense

- 28034 (10/POP-003314)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para a aplicación do convenio suscrito o pasado 6 de xullo de 2016 entre o Concello de Vigo, a empresa Vitrasa e a Xunta de Galicia para a integración de Vigo na área de transporte metropolitano de Vigo

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

As restricións de persoal e a falta de traslados son factores principais que teñen incrementado as dificultades que se viven no Sistema Penitenciario e que afectan ao persoal que desenvolve o seu traballo neste ámbito. O progresivo envellecemento dos cadros de persoal (un total de 23.000 empregados públicos) que incrementa as taxas de xubilación e de pasas a segunda actividade (materia por certo sen regulamentación dende hai 17 anos) incrementa o deterioro dos parámetros de funcionamento dos nosos centros penitenciarios.

Ademais, as relacións de postos de traballo do Sistema Penitenciario presentan un 15 % de vacantes sen cubrir (uns 3.000 postos de traballo), que por outra parte veñen sendo obxecto de rotacións temporais mediante comisións de servizo que non permiten manter unha estrutura estable de traballo.

Así, a Administración penitenciaria (dependente do Ministerio do Interior cando antes estaba adscrita ao de Xustiza, decisión de Goberno que reflicte distintos modelos de política penitenciaria) é un dos sectores máis opacos da nosa Administración pública.

A privatización dalgúns servizos non só ten afectado a actividades “instrumentais” (lavandería ou mantemento) senón tamén a servizos neuráxicos do Sistema Penitenciario como é a seguridade, que ao abeiro da Lei de seguridade privada permite ser prestada por empresas deste sector que pasan a se encargar da vixilancia do perímetro dos centros penitenciarios, unha política de seguridade que non deixa de crecer coas novas licitacións da Secretaría de Estado de Seguridade.

Por outra parte, o servizo de saúde que se presta aos internos é claramente deficiente; con un 15 % de prazas sen cubrir no persoal sanitario deste sector hai centros nos que non se está podendo realizar os recoñecementos médicos





## Grupo Parlamentario

establecidos por lei ou que durante os fins de semana queden sen servizo médico, sendo unha constante a dispensación de medicamentos para toda a semana dunha soa vez e sen que haxa control sanitario da súa dosificación.

Encóntrase así a institución penitenciaria nunha situación límite de precariedade.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

As organizacións sindicais están a demandar a necesaria equiparación interna entre os funcionarios dos centros penitenciarios que realizan o mesmo traballo, mediante a homologación dos distintos centros que responden a unha clasificación que obedecía a un contexto social e de política penitenciaria de hai 30 anos que ten mudado de forma substancial.

Así, e polo que corresponde a Galicia, onde prestan servizos preto de 2.000 funcionarios de institucións penitenciarias, os centros de Teixeira e A Lama están encadrados na categoría 1.1, cando os de Monterroso, Bonxe e Ourense son centros de categoría 2.2, o que determina que os funcionarios adscritos a estes centros galegos de distinta categoría perciben retribucións distintas para funcións análogas, ben de intervención, sanitaria, burocrática ou de vixilancia.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a demandar do Ministerio de Interior a mellora das condicións de traballo do persoal que presta servizos nos centros penitenciarios radicados en Galicia.

Pazo do Parlamento, 7 de marzo de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/03/2018 18:39:42**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 08/03/2018 18:39:57**



---

**Grupo Parlamentario**

**Julio Torrado Quintela na data 08/03/2018 18:40:04**

**Noela Blanco Rodríguez na data 08/03/2018 18:40:10**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/03/2018 18:40:18**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e por iniciativa deputados e deputadas, Teresa Egerique Mosquera, Carlos López Crespo, Soraya Salorio Porral, Alberto Pazos Couñago, M<sup>a</sup> Ángeles García Míguez, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de lei Pleno.

## Exposición de motivos

A industria transformadora do peixe, o clúster mar- alimentario de Galicia ten 113 anos de historia vencellados a Galicia. Malia que o seu ámbito de actuación é nacional a súa actividade concéntrase de forma maioritaria en Galicia. Conta con 254 empresas asociadas, dispón dun Centro Tecnolóxico sectorial de referencia, é líder a nivel mundial na transformación e comercialización de produtos da pesca e acuicultura e o seu volume de facturación ascende anualmente a mais de 7.300 millóns de euros. A estes datos hai que engadirlle o mais importante, e é que as empresas do sector empregan a mais de 25.000 traballadores de forma directa, dos que, mais do 60% traballan en Galicia.

Nese sentido, consideramos crucial que o Goberno de España se ocupe dos problemas do sector e que negocie ante a Comisión e o Consello Europeo o incremento das posibilidades de mercado e que o resultado desas negociacións teñan coma resultado un reparto xusto para a industria da Unión Europea e que se dea prioridade ás produción dos países comunitarios esixindo condicións de trazabilidade e responsabilidade social e ambiental nas producións das industrias europeas, así coma nas de terceiros países na súa comercialización no mercado comunitario.

Pero todo iso non é suficiente. É ineludible a revisión á alza dos continxentes erga omnes da Unión Europea, libres de arancel, así coma a eliminación de trabas que entorpecen e alongan os trámites administrativos para permitir a entrada no territorio español e comunitario de produtos que, na maioría dos casos, son capturados pola nosa frota, polo que resulta indispensable para a boa marcha de nosa industria transformadora de produtos da pesca.

Por todos eses motivos, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España o incremento do continxente de lombos de atún erga omnes da Unión Europea para o período 2019- 2021 de 25.000 Tm. Ao 0% a 36.000 Tm, ao 0% para a industria conserveira.”

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 09/03/2018 15:58:25**

**Teresa Egerique Mosquera na data 09/03/2018 15:58:38**

**Carlos Enrique López Crespo na data 09/03/2018 15:58:57**

**María Soraya Salorio Porral na data 09/03/2018 16:00:02**

**Alberto Pazos Couñago na data 09/03/2018 16:00:11**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 09/03/2018 16:00:24**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

**Marta Rodríguez Arias na data 09/03/2018 16:00:32**

**Daniel Vega Pérez na data 09/03/2018 16:00:44**

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

España, segundo o último informe de CEPESCA de 2017, é o primeiro produtor industrial da Unión Europea en pesca co 20 % da produción - en 2016, capturou máis de 898.335 toneladas de peixes e mariscos - e ocupa o primeiro lugar tanto en volume como en valor, xa que a práctica totalidade das nosas capturas se destinan o consumo humano e non a fariñas.

O noso país ocupa o posto 18 de produción do mundo, co 1,10 % das capturas mariñas mundiais, que ascenderon a 81,5 millóns de toneladas en 2014. Lonxe de China, que capturou 14,8 millóns de Tm; Indonesia, con 6,1 millóns de Tm, e Estados Unidos, con 4,9 millóns de Tm.

Posúe a frota máis importante da UE en termos de capacidade (GT), co 23,6 % do total, e, segundo o Rexistro Europeo de Buques, ocupa o terceiro lugar da frota comunitaria en número de barcos, tras Grecia e Italia, co 11 % do total - 9.299 buques dos 83.780 europeos en 2016, - e representa o 0,39 % da frota mundial, que conta con 4,6 millóns de buques.

Xera o 22 % do emprego pesqueiro da UE, con 33.288 tripulantes dos 151.000 que hai en total. Catro países: España, Italia, Grecia e Portugal, concentran o 70 % do emprego do sector da pesca en Europa. Respecto dos empregos mundiais, 56,6 millóns de persoas, o noso país representa o 0,06 %.

Temos recoñecidas máis de 1.000 especies pesqueiras de interese comercial, ocupando así o primeiro posto en variedade de peixe na UE e no mundo. Somos os segundos consumidores da Unión Europea, por detrás de Portugal, e os quintos do mundo, tras Xapón, Islandia, Noruega e Portugal.

O consumo de peixes e mariscos nos fogares españois volveu caer en 2016 cun descenso do 1,6 %. O consumo *per cápita* pasou de 25,9 quilos en 2015 a 25,49 quilos en 2016.

## Grupo Parlamentario

Dada a importancia socioeconómica da actividade pesqueira no noso país, é necesario manter un fondo de pesca específico e accesible para aplicar a política pesqueira común (PPC), co fin de garantir a sustentabilidade da acuicultura e a pesca no noso país, establecer un plan de selectividade co fin de evitar descártalos, reducir a carga financeira da obrigación de desembarque e facilitar o seu cumprimento, e lograr o obxectivo do rendemento máximo sustentable.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O PPC é competencia exclusiva da Unión Europea, e por tanto, os fondos financeiros que se poñan a disposición para esta política han de ser suficientes para poder alcanzar os ambiciosos obxectivos establecidos no Regulamento de base. Actualmente, o Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) só representa o 0,6 % do MFP 2014-2020 total.

O Brexit non se pode utilizar como escusa para reducir o financiamento futuro, por iso é fundamental que os fondos financeiros se manteñan, polo menos, ao mesmo nivel; algo fundamental para o noso país tendo en conta a importancia socioeconómica da nosa pesca.

Necesítase dotar de maior claridade o FEMP na tramitación das axudas que o fondo recibe, sería necesario unha maior concreción e simplificación respecto diso, maior flexibilidade na asignación dos créditos.

Ademais, é necesario adoptar medidas para garantir que o Fondo Europeo de Pesca posterior a 2020 se execute dunha maneira máis rápida, flexible e menos burocrática, sen atrasos que sigan prexudicando ao FEMP 2014-2020. E con maior dotación financeira.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que se dirixa o Goberno de España para:

1º) Negociar coa Unión Europea a revisión e simplificación dos procedementos que eliminen as trabas burocráticas relacionadas coa execución do FEMP.

2º) Expor ante a UE, dada a importancia socioeconómica da actividade pesqueira no noso país, que se garanta un novo Fondo Europeo de Pesca para despois de 2020 e se dote de máis recursos económicos, adoptando así mesmo medidas para que se poida executar dunha maneira máis rápida flexible e menos burocrática.



 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2018

---

**Asinado dixitalmente por:**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**María Dolores Toja Suárez na data 06/03/2018 16:18:21**

**Julio Torrado Quintela na data 06/03/2018 16:18:32**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/03/2018 16:18:39**



## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Noela Blanco Rodríguez, e do seu deputado, Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

As pensións públicas teñen constituído e constitúen na actualidade os ingresos principais para un gran número de cidadáns e cidadás no noso país. Na actualidade existen máis de 750.000 pensións en Galicia, dentro dos máis de 9,5 millóns de España. A contía media desas pensións en Galicia son das máis baixas de España, situándose nunha media un 15 % inferior.

Pese a todo, as pensións se teñen evidenciado, nestes anos de crise, como un dos elementos vertebradores da sociedade, principalmente para moitas das áreas territoriais de Galicia onde constitúen a principal fonte de ingresos de moitos fogares.

Cabe recordar que o Goberno de España, do Partido Popular, iniciou a súa acción de goberno coa aplicación de varias medidas regresivas dirixidas a atentar contra a dignidade dos pensionistas, entre as que poden enumerarse:

- A aprobación do Real decreto-lei 16/2012, que establece o chamado “*copago farmacéutico*” e que supón que os pensionistas teñan que aboar parte do prezo dos medicamentos.
- O endurecemento das condicións de acceso á xubilación, coa aprobación de Real decreto-lei 5/2013, de 15 de marzo, que supuxo a ruptura do consenso alcanzado nesta materia a través da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.
- A reforma unilateral do sistema público de pensións levada a cabo pola Lei 23/2013, do 23 de decembro, reguladora do factor de sostibilidade e o índice de revalorización do sistema de pensións da Seguridade Social, que afectou, por unha banda, á contía das pensións que se xeren a partir de 2019 e, por outra, o sistema de revalorización, establecendo unha



## Grupo Parlamentario

modalidade de actualización das contías das pensións que imponen unha perda de poder adquisitivo dos pensionistas e, polo tanto, o seu empobrecemento.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Dende finais de 2016 e durante 2017 revalorizándose as pensións nun 0,25 % anual, pero os prezos incrementáronse moi por riba desa porcentaxe, resultando unha perda significativa do poder de compra das persoas pensionistas.

Pese a esta situación alarmante, o Goberno central non ten adoptado ningunha medida que permita asegurar o poder adquisitivo dos pensionistas, así como tampouco lograr o reequilibrio a corto e medio prazo da situación financeira da Seguridade Social. Máis ben todo o contrario o ter practicamente esgotado a denominada “hucha das pensións”, que ascendía a 67.000 millóns de euros cando o Sr. Rajoy accedeu á Presidencia do Goberno central.

Resulta pois xa urxente anticipar medidas de reforzo da estrutura dos ingresos de modo que se garanta un axeitado financiamento e sostibilidade do sistema de pensións, mantendo uns niveis dignos de cobertura, de tal xeito que se poda acadar a garantía de suficiencia na revalorización das pensións, sendo necesario que se tomen medidas para reparar a situación actual de insuficiencia de ingresos da Seguridade Social. Neste sentido é preciso que se convoque á Mesa do diálogo cos interlocutores sociais e acorden as medidas a remitir á Comisión de Seguimento e Valorización do Pacto de Toledo para artellar de forma urxente as fórmulas que permitan restablecer o equilibrio entre ingresos e gastos da Seguridade Social.

Mentres estas medidas non se acaden debese paralizar e suspender o índice de revalorización previsto legalmente, pois o dito índice, nun contexto de inflación positiva, non garante o poder adquisitivo das pensións, senón máis ben o contrario.

Non deixa de ser unha falla de respecto e unha fraude ás persoas pensionistas a actitude do Goberno do Partido Popular que, de xeito reiterado, proclamaba que nunca as pensións durante o seu goberno terían unha mingua retributiva, cando hoxe se constata esa redución real.



## Grupo Parlamentario

Por iso a maior parte dos grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados (agás o Partido Popular e Ciudadanos), así como as organizacións sindicais, subscribiron unha Proposición de lei para garantir a suficiencia da revalorización das pensións e de medidas urxentes de reequilibrio orzamentario da Seguridade Social. Non obstante, o Goberno do Partido Popular bloqueouna, forzando unha interpretación capciosa da Lei e evitando así que os pensionistas poidan recuperar o seu poder adquisitivo e que se adoptaran medidas dirixidas a sanear o déficit.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Non caben excusas que xustifiquen aprazar a toma de decisións que permita a revitalización, a estabilidade e a sostibilidade do sistema de pensións; a recuperación do poder adquisitivo dos pensionistas; a suficiencia das pensións e, por suposto, a solidariedade interxeracional, territorial e sectorial que debe retornar ao sistema de protección social.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que se dirixa o Goberno central e lle demande:

1º) Que con efectos de 1 de xaneiro de 2018, a contía das pensións públicas do Sistema de Seguridade Social se incrementen de acordo co IPC previsto do 1,6 %. No caso de que o IPC acumulado correspondente a 2018 fose superior, se proceda á correspondente actualización, incrementándose as contías das pensións públicas e abonando nun pago único a diferenza non percibida durante 2018.

2º) Que se adopten aquelas medidas co obxecto de alcanzar un acordo social e político no seo da Mesa de Diálogo Social e do Pacto de Toledo, sobre un índice de revalorización das pensións tal que garanta o poder adquisitivo para o futuro e se introduzan novos mecanismos que permitan acadar o principio de equilibrio orzamentario entre ingresos e gastos do sistema da Seguridade Social.

Pazo do Parlamento, 9 de marzo de 2018



---

**Grupo Parlamentario**

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/03/2018 19:32:12**

**Noela Blanco Rodríguez na data 09/03/2018 19:32:20**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 09/03/2018 19:32:27**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/03/2018 19:32:36**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos

O persoal sanitario e non sanitario das urxencias do CHUS, leva xa moito tempo denunciando a situación total de descontrol e abandono na que se atopan estas urxencias.

Denuncian a falta de medios, tanto de persoal como de material, que provoca situacións de moitas tensión entre o persoal das urxencias que ve como ante a desidia da dirección do hospital, empeora a calidade asistencial repercutindo non só nas doentes e nos doentes, se non tamén nas condicións laborais e carga de traballo do propio persoal.

As ratios de pacientes que teñen son superiores ás que poden levar, pero esa circunstancia non impide que teñan as ratios de persoal máis baixas que hospitais cos que se poidan comparar como o CHUAC ou o CHUVI, que xa de por si, atópanse tamén bastante saturados e faltos de persoal.

En canto ao material, denuncia que están a traballar con aparatos de fai 20 anos, que dado o uso continuo ao que se someten en urxencias, atópanse nunhas condicións lamentables, que no mellor dos casos intentan ser solucionadas con reparacións e pezas de recambio, que nin de lonxe supoñen unha solución ao problema, pois volven a avariarse cada pouco tempo.



Pese ás reunións mantidas coa dirección e a xerencia, na que foron trasladadas as demandas mínimas que xa non podían adiarse máis, sendo recoñecido pola propia dirección a mala situación, as cuestións comprometidas seguen sen levarse a cabo pese a existir partidas habilitadas para tal fin, segundo a información dada pola propia xerencia en maio do ano pasado, en relación a actualización do servizo de raios.

Esta situación de falta de inversión nas urxencias, resulta totalmente inadmisíbel tanto polo empeoramento da calidade asistencial da sanidade pública como das condicións laborais do persoal, sobre todo tendo en conta que a dirección e a xerencia son plenamente coñecedoras da situación denunciada.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dotar as urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago dos medios materiais e humanos necesarios demandados polo persoal do centro.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**



**Eva Solla Fernández na data 12/03/2018 10:46:54**

**Luis Villares Naveira na data 12/03/2018 10:47:01**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ao impacto da fenda salarial na economía galega e as medidas a tomar.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As consecuencias da crise económica e o empeoramento das condicións laborais teñen contribuído a profundar na desigualdade social. Máis aínda, constátase como as súas consecuencias impactan de forma máis intensa sobre as mulleres. Deste xeito, malia o momento económico de superación do ciclo de recesión, na actualidade somos as mulleres quen ocupamos as peores porcentaxes de traballo precario, temporal, parcial e bolsas de traballo fóra da lei nun marco onde a lexislación e a inspección son aínda insuficientes. A taxa de paro das mulleres é aínda maior que a dos homes e dende que goberna Feijóo incrementouse en case 5 puntos, o que supón un incremento do 42%.

Segundo o informe *Situación laboral das mulleres en Galiza (ano 2017)* publicado pola Confederación Intersindical Galega en marzo de 2018, con base aos datos da Axencia Tributaria, durante o ano 2016 a fenda salarial entre homes e mulleres situouse no 22,3% en Galiza, dúas décimas máis que o ano anterior. Neste





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/03/2018 13:45  
Nº Rexistro: 27710  
Data envío: 12/03/2018 13:45:51.976

senso, tamén segundo o último informe publicado polo persoal técnico de Facenda (Gestha), baixo o título *Fenda salarial e teito de vidro*, a desigualdade entre as mulleres traballadoras e os homes está situada no 28,7% sendo a media estatal do 29,1. Malia as diferentes estimacións, estes e outros cálculos sitúan a fenda dos salarios nunha perda de máis de 4.000 euros ao ano para as mulleres. Esta situación é froito dunha maior temporalidade, parcialidade e precariedade laboral alén das consecuencias derivadas do mantemento e reprodución do rol patriarcal e machista que impón ás mulleres a asunción do coidado das crianzas e persoas dependentes.

Cómpre engadir tamén que esta desigualdade esténdese tamén ao ámbito do traballo non remunerado, na que o reparto das responsabilidades e de tarefas de coidados continúan recaendo máis sobre as mulleres do que sobre os homes. Así mesmo, a falta de desenvolvemento e cumprimento do marco legal vixente en materia de igualdade, repercute negativamente nesta situación.

A permanencia da fenda salarial é unha preocupación non só sindical e social de ámbito galego ou estatal, senón que internacionalmente e no marco europeo tamén ten ocupado as deliberacións de diferentes organismos. Neste sentido, en novembro de 2017 a Comunicación da Comisión Europea ao Parlamento Europeo, ao Consello e ao Comité Económico e Social Europeo a respecto do Plan de Acción da Unión Europea 2017-2019 Abordar a fenda salarial entre homes e mulleres recóllese a constatación de que *“As mulleres da UE, en todos os sectores da economía, gañan de media un 16 % menos que os homes. Esta fenda de xénero permaneceu estábel durante os últimos 5 anos. Co ritmo de cambio actual, só se pecharía ao inicio do próximo milenio. O recente estancamento presenta interrogantes sobre a necesidade de reforzar e adaptar as iniciativas existentes”*.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego acorda:

1. Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno español a introdución na lexislación das recomendacións da Comisión Europea en 2014 sobre o reforzo do principio de igualdade de retribución entre homes e mulleres a través da transparencia. Con especial atención, demandarase a aplicación no prazo de dous meses das seguintes medidas:

a) alentar aos empregadores públicos e privados e a adoptar políticas de transparencia sobre a composición e as estruturas salariais.

b) establecer medidas axeitadas para garantir a transparencia salarial e información sobre os salarios ás e aos empregados arbitrando mecanismos para que poidan solicitar información completa sobre os niveis salariais, desagregada por sexo e con información a respecto de pluses e complementos.

c) establecer auditorías salariais para as empresas de máis de 50 traballadores e traballadoras.

d) incorporar as sancións económicas para as empresas que vulneren a lexislación en igualdade.

2. Instar á Xunta de Galiza a elaborar, en colaboración co Consello Económico e Social, o Consello Galego de Relacións Laborais e as universidades



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/03/2018 13:45**  
**Nº Rexistro: 27710**  
Data envío: 12/03/2018 13:45:51.976

galegas un estudo sobre o impacto da fenda salarial na economía galega e unha exploración de propostas para intervir nela no ámbito das competencias propias.”

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 12/03/2018 13:34:27**

**María Montserrat Prado Cores na data 12/03/2018 13:34:41**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 12/03/2018 13:34:44**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/03/2018 13:45**  
**Nº Rexistro: 27710**

Data envío: 12/03/2018 13:45:51.976

**Olalla Rodil Fernández na data 12/03/2018 13:34:45**

**Xosé Luis Bará Torres na data 12/03/2018 13:34:46**

**Ana Pontón Mondelo na data 12/03/2018 13:34:52**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vivenda segue a ser un dereito recoñecido na lexislación estatal e internacional que na práctica se converteu nun ben inaccesíbel para amplos sectores da sociedade. O alto prezo da vivenda –tanto na venda como no aluguer-, a baixada dos salarios, a precariedade laboral, a escasez de vivenda da promoción pública, o fracaso de medidas como o programa de vivendas baleiras son algunhas das causas dun grave problema social agravado na última década como consecuencia da “crise”.

Mentres unha maioría social non pode acceder a unha vivenda en propiedade e ten difícil acceder a unha vivenda en aluguer, seguen os desafiuzamentos de persoas que non poden facer fronte aos pagamentos. Segundo o informe “Efectos da crise económica nos órganos xudiciais”, publicado polo Consejo General del Poder Judicial, no 2017 houbo en Galiza 2.493 lanzamentos ou desafiuzamentos hipotecarios, un 4,6% máis có ano anterior. Das estatísticas dedúcese que están a incrementarse os desafiuzamentos por falta de pagamento de aluguer.

Cómpre polo tanto unha mudanza radical nas políticas públicas de vivenda, mediante un conxunto de medidas que teñen que incluír a aprobación dunha nova lei



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

estatal de Vivenda que recolla as demandas dos colectivos encadrados na Coordinadora Galega de STOP/PAHs.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a

Demandar do goberno central a aprobación dunha nova lei de vivenda que recolla as seguintes demandas:

1. Dación en pagamento retroactiva.
2. Regulación e potenciación do aluguer, co obxecto de conseguir uns prezos accesíbeis e estábeis.
3. Moratoria non desafiuzamentos e cumprimento das recomendacións do Comité de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais da ONU para evitar desafiuzamentos sen alternativa a persoas con poucos recursos.
4. Promoción da vivenda social, co obxecto de que as administracións poidan utilizar pisos baleiros da banca para acoller a persoas e familias vulnerábeis.
5. Subministracións Básicas Garantidas, impedindo o corte da luz, auga e gas a familias vulnerábeis.”

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/03/2018 16:56**  
**Nº Rexistro: 27744**  
Data envío: 12/03/2018 16:56:55.292

**Asdo.: Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 12/03/2018 13:53:12**

**María Montserrat Prado Cores na data 12/03/2018 13:53:17**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 12/03/2018 13:53:25**

**Olalla Rodil Fernández na data 12/03/2018 13:53:27**

**Noa Presas Bergantiños na data 12/03/2018 13:53:28**

**Ana Pontón Mondelo na data 12/03/2018 13:53:34**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/03/2018 17:16  
Nº Rexistro: 27749  
Data envío: 12/03/2018 17:16:39.716

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a denuncia de acoso contra o director de ‘Con amor e compañía’ e as medidas que debe adoptar o Goberno galego para previr e actuar fronte ao acoso nos medios públicos galegos.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A denuncia pública e xudicial por acoso presentada por unha actriz galega contra o director do programa ‘Con amor e compañía’ (Ficción producciones para TVG) sitúanos fronte a fronte cunha realidade que foi de maneira reiterada denunciada por movementos como Time`s UP nos EUA mais da que, até o momento, non se tiña constancia no noso país.

Falamos do acoso sexual no ámbito do audiovisual galego, do uso de postos de poder para exercer abusos de todo tipo, tamén sexual e do silencio co que estas situacións se despachan a maior parte das veces.

A Corporación da RTVG non ten adoptado ningún mecanismo para previr e actuar fronte ao acoso, nin naquelas situacións de abuso que se poidan dar entre o cadro de persoal da CRTVG nin tampouco naquelas produtoras que, cada vez en maior medida especialmente desde 2011, fornecen de contidos a grella da televisión pública (producción externa).





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Desde o Bloque Nacionalista Galego cremos que, ademais do apoio que merece a persoa denunciante, pola valentía de ter rematado co silencio que rodea o acoso sexual; é preciso adoptar medidas concretas que permitan afrontar situacións como a denunciada ou, cando menos, dotar os medios de comunicación públicos de ferramentas coas que intervir de se produciren. Isto é, iniciar un proceso de diálogo entre a parte social (cadro de persoal, organizacións sindicais e entidades representativas do sector audiovisual) encamiñado a elaborar un Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a abrir un proceso de diálogo entre a CRTVG, as organizacións sindicais e as entidades representativas do sector audiovisual galego para a elaboración dun Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual.”

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/03/2018 17:16**  
**Nº Rexistro: 27749**  
Data envío: 12/03/2018 17:16:39.716

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 12/03/2018 17:14:54**

**Xosé Luis Bará Torres na data 12/03/2018 17:15:05**

**María Montserrat Prado Cores na data 12/03/2018 17:15:08**

**Ana Pontón Mondelo na data 12/03/2018 17:15:11**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 12/03/2018 17:15:13**

**Noa Presas Bergantiños na data 12/03/2018 17:15:14**

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

No ano 2014, a sociedade estatal ACUAES iniciaba a obra dunha EDAR, no marco dun convenio entre os gobernos do Estado e da Xunta de Galicia, financiada con fondos Feder. A partir de entón, os problemas co emisario submarino, do mal funcionamento dos tanques de tormenta, dos sifóns e dos vertidos ao mar de lixo e de augas non debidamente depuradas, deu lugar a centos de denuncias dos afectados, iniciativas no Parlamento, mocións no concello de Ribeira e outras accións, todas elas derivadas dos problemas de salubridade que o do mal funcionamento da EDAR en probas. Non se pode esquecer que desembocan nunha zona sita entre os parques naturais de Corrubedo e das Illas Atlánticas. Informes técnicos sobre a EDAR din que se observan medicións moi altas de sulfhídrico nas estacións de bombeo e que, nalgúns casos, se sitúan fóra de rango.

De acordo cun comunicado feito polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, o 20 de febreiro deste ano, ACUAES, vai poñer en marcha nos próximos meses unha segunda fase de medidas para combater a xeración de malos cheiros que consistirá na extensión das mesmas medidas implantadas na arquetas AR0 e AR1 ao resto de elementos á rede que presentan problemas de acumulación de aire e cheiros, e o reforzo dos sistemas de desodorización implantados nos tanques, aumentando a súa capacidade de tratamento e incorporando novos sistemas naqueles puntos onde non se proxectou inicialmente.

Tendo en consideración dúas cuestións, por un lado que o prazo de execución é de seis meses e por outro que deberán esperar a que acabe o verán para inicialas. Polo que estaríamos xa no primeiro trimestre do ano 2019.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, indica que se está a seguir o tema moi de preto e que non se recibirá a obra ata que haxa plena garantía do seu correcto funcionamento. Pero o certo é que a situación non está



## Grupo Parlamentario

mellorando senón que se está agravando, así como os problemas de saúde da veciñanza de Ribeira.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas presenta a seguinte proposición non de lei:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a resolver canto antes os problemas medioambientais e de saúde, que xera o mal funcionamento da EDAR de Ribeira, e se asuman as responsabilidades pertinentes por parte das administracións e entidades que participaron na dotación deste servizo.

Pazo do Parlamento, 13 de marzo de 2018

### Asinado dixitalmente por:

**María Dolores Toja Suárez na data 13/03/2018 11:35:20**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 13/03/2018 11:35:57**

**Raúl Fernández Fernández na data 13/03/2018 11:36:04**

**María Luisa Pierres López na data 13/03/2018 11:36:29**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/03/2018 11:36:50**

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos

A silicose é unha enfermidade do aparato respiratorio producida por aspirar gran cantidade de polvo de sílice.

Está considerada como enfermidade profesional, existindo en Galicia bastantes persoas afectadas, sobre todo na zona sur. Ademais, segundo os datos do ISSGA de 2016, produciuse un repunte desta enfermidade profesional que cada vez afecta a xente máis nova, en parte debido ao uso de pedras artificiais como o silestone, con compoñentes químicos que multiplican o sílice.

Denuncia estas persoas afectadas unha falta de inversión na prevención de riscos por parte das empresas e a non aplicación en moitas das mesmas do protocolo específico establecido para esta enfermidade.

Consecuencia desta situación nas condicións laborais, sobre todo no ámbito da prevención, a enfermidade ataca de xeito moi duro á saúde, deixando cunha incapacidade absoluta na vida laboral ás traballadoras e traballadores que a padecen, que xa nalgúns casos tiveron que denunciar ante a xustiza condutas negligentes por parte das Mutuas.

Pero, ademais do dano á saúde, as traballadoras ou traballadores aos que se lles detecta o grado un da enfermidade, que non conta con ningún tipo de prestación



de incapacidade, deixándoos nunha situación de risco de exclusión social ao ser despedidos dos seus postos de traballo e con moitas dificultades de atopar un novo polo estigma da enfermidade.

En relación a aquelas persoas xa afectadas por grados maiores vense en moitos casos na necesidade dun transplante para poder seguir vivindo. Transplante que deben facer no CHUAC ao non existir tal prestación sanitaria no sur de Galicia.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de Lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Esixir ao Goberno do Estado unha modificación legislativa que inclúa prestación de incapacidade total para o grado un de silicose.
- Dotar ao sur de Galicia dunha unidade respiratoria que permita tratar este tipo de enfermidades en todas as súas fases.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**



**Eva Solla Fernández na data 13/03/2018 16:22:32**

**Luis Villares Naveira na data 13/03/2018 16:22:41**

## A MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do deputado **Davide Rodríguez Estévez** e da deputada **Paula Quinteiro Araújo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, sobre as axudas comprometidas pola Consellería de Medio Rural a afectadas e afectados pola praga da couza guatemalteca da pataca.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O ano pasado o Ministerio de Agricultura prohibiu plantar patacas durante dous anos nos 31 concellos galegos infectados pola polilla guatemalteca, un organismo orixinario de Centroamérica que chegou a Europa no ano 1999 e a Galicia no 2015. O obxectivo da prohibición era erradicar a praga para evitar que chegase ás áreas produtoras de Bergantiños e A Limia e recuperar a normalidade nas plantacións danadas. Os concellos afectados foron Ferrol, Narón, Neda, Valdoviño, San Sadurniño, A Capela, Fene, Mugar dos, Ares, Cabanas, Ortigueira, Mañón, As Pontes, Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo, Burela, Foz, Barreiros, Ribadeo, Trabada, Lourenzá, Mondoñedo, Alfoz, O Valadouro, Oul, Abadín, A Pastoriza, Riotorto e A Pontenova.

Como compensación pola obriga de cesar a súa actividade, Medio Rural comprometeuse a ofrecer axudas ás persoas que sufriran perdas por mor da polilla. Non obstante, un ano máis tarde o 40% das axudas aínda están pendentes de pago. Dos 168.000 euros adxudicados, faltan case 65.000 por entregar.





As plantacións de patacas son fundamentais para moitas das familias que viven do campo, polo que a praga da polilla supón un auténtico drama para elas. Non hai escusa que xustifique que a Xunta de Galicia prolongue aínda máis a súa difícil situación dilatando a entrega das axudas.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a axilizar a entrega das axudas comprometidas para loitar contra a praga da couza guatemalteca.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez  
Paula Quinteiro Araújo,  
Deputado e deputada do G.P. de En Marea  
Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 13/03/2018 17:16:40**



**Paula Quinteiro Araújo na data 13/03/2018 17:16:48**

**Luis Villares Naveira na data 13/03/2018 17:16:58**

## Á Mesa do Parlamento

Os grupos parlamentarios do **Partido Popular de Galicia**, de **En Marea**, dos **Socialistas de Galicia** e do **Bloque Nacionalista Galego**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Jacobo Moreira Ferro**, **Marcos Cal Ogando**, **Patricia Vilán Lorenzo** e **Xosé Luís Bará Torres**, a través dos seus portavoces e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

### Exposición de motivos

Os desprazamentos alternativos aos vehículos a motor potencian a preservación do medio ambiente, a saúde das persoas e a loita contra o cambio climático. En Galicia hai un importante potencial de transferencia de viaxes aos modos non motorizados, dada a proximidade entre poboacións de tamaño pequeno e a dispersión da poboación. A estrada N-550 podería converterse no eixo vertebrador de Galicia para as formas de mobilidade alternativa ao automóbil, xa que comunica as grandes cidades da franxa atlántica.

A estrada N-550 -que vai dende Coruña a Tui- é extremadamente perigosa en varios puntos para todos as persoas usuarias da vía, pero sobre todo non conta cunha configuración axeitada para peóns e usuarios de bicicleta polo que compre adoptar medidas estruturais que garantan a súa seguridade. O último caso de sinistro grave na N-550 dun colectivo vulnerable foi o atropelo dun usuario de bicicleta que se dirixía ao seu posto de traballo no punto quilométrico 126,600, nun tramo de gran perigo para peóns e ciclistas. E así o teñen trasladado os membros da Asociación Pedaladas que solicitan a todos os grupos parlamentarios da Cámara buscar solucións en toda a N-550 pero sobre todo nese tramo tan perigoso nos concellos de Vilaboa e Pontevedra.

Por todo o exposto, os grupos parlamentarios do Partido Popular de Galicia, de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, presentan a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia que demande do Goberno do Estado, con relación á estrada nacional N-550, a:

1. Creación de beiravías transitables do maior ancho posible, dende a estación de servizo Repsol ata o cruce da EP-0105.
2. Que instale sinalización vertical coa obriga de adiantar afastándose 1,5 metros dos ciclistas e da advertencia da súa presenza, cando menos, cada 2 quilómetros no tramo Bértola-Pontevedra.
3. Que estableza a redución da velocidade a 50 km/h no tramo de concentración de accidentes e nos lugares onde estea permitido o estacionamento de vehículos.
4. Que adecúe a N-550 aos preceptos do Regulamento Xeral de Circulación de 2003, especialmente aos artigos 50 e 90 sobre estacionamento e parada dos vehículos na vía pública.
5. Que mellore a iluminación da estrada N-550.
6. Que busque fórmulas de fomento de uso da estrada AP-9 no tramo Vilaboa- Pontevedra para reducir a cantidade de tráfico da N-550 e, polo tanto, do risco de atropelo.
7. Que fomente que a vía verde sexa unha prioridade para a mobilidade en bicicleta e un atractivo turístico para a comarca, cedendo ADIF de vías de tren sen uso do tramo Pontevedra-Pontesampaio.

Pazo do Parlamento, 12 de marzo de 2018

Asdo.: Jacobo Moreira Ferro  
Deputado do. G.P. Popular de Galicia

Asdo.: Marcos Cal Ogando  
Deputado do G.P. de En Marea

Asdo.: Pedro Puy Fraga  
Portavoz do G.P. Popular de Galicia

Asdo.: Luís Villares Naveira  
Portavoz do G.P. de En Marea

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xosé Luís Bará Torres  
Deputado do G.P. do BNG

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Ana Pontón Mondelo  
Portavoz do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 13/03/2018 16:58:15**

**Jacobo Moreira Ferro na data 13/03/2018 16:58:30**

**Marcos Cal Ogando na data 13/03/2018 16:59:53**

**Luis Villares Naveira na data 13/03/2018 17:00:03**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 13/03/2018 17:20:30**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/03/2018 17:20:34**

**Xosé Luis Bará Torres na data 13/03/2018 17:25:41**

**Ana Pontón Mondelo na data 13/03/2018 17:25:46**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/03/2018 17:54  
Nº Rexistro: 27842  
Data envío: 13/03/2018 17:54:59.830

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre usos lingüísticos docentes no ensino superior en Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No anunciado Plan de excelencia do **SUG** o **Goberno da Xunta de Galiza** prevé introducir unha serie de medidas entre as que se atopa a creación de grupos en determinadas titulacións académicas nos que o 80% dos créditos obrigatorios sexan impartidos en inglés.

Esta medida, a implementar no curso 2018/2019, pon o foco na realidade sociolingüística galega e os usos lingüísticos docentes que actualmente se dan no noso país.

Neste senso, só a **USC** a través do seu **Servizo de Normalización Lingüística** elabora de maneira anual un informe sobre os usos lingüísticos docentes. Nos gráficos correspondentes ao curso 2017/2018 evidénciase que a presenza da lingua galega nas aulas por parte do profesorado é minoritaria (23%) fronte ao castelán (74,9%) en todos os niveis, isto é, nos graos e nos mestrados.

Alén diso, a **UDC** ten publicado, no ano 2005, un estudo titulado **O galego na Universidade da Coruña** tamén arredor do uso da lingua propia do país. Ao igual que no



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

caso anterior, o estudo reflicte que apenas o 9% do persoal docente e investigar se dirixe ao alumnado en galego da mesma maneira que o alumnado declara maioritariamente preguntar só en castelán nas aulas (77%).

Esta realidade non é nova. No Plan Xeral de Normalización Lingüística (2004) xa se sinalaba como debilidade o feito de ser o ensino superior un espazo moi castelanizado e moi refractario á presenza normal da lingua. Razón pola cal o Plan prevé unha serie de medidas encamiñadas a normalizar o uso do galego neste espazo.

– 2.1.41. Crear unha comisión estable, coa participación da Xunta de Galicia e das universidades galegas, que se encargue de propoñer e coordinar a política lingüística universitaria en Galicia.

– 2.1.42. Incrementar a edición e difusión de bibliografía en galego nas diferentes áreas de coñecemento, especialmente no caso das materias dos primeiros cursos universitarios.

– 2.1.43. Promover a edición de vocabularios, glosarios e dicionarios nas áreas de coñecemento nas que persisten carencias significativas.

– 2.1.44. Promover a edición de libros científicos en galego, tanto edicións orixinais coma traducións doutros idiomas.

– 2.1.45. Insistir, desde os servizos lingüísticos das universidades, na oferta de cursos de formación en lingua galega, con especial atención ás necesidades lingüísticas das distintas áreas de coñecemento e ás necesidades do alumnado e profesorado foráneo.

– 2.1.46. Establecer, de acordo coas universidades, o voluntariado lingüístico universitario.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Así pois, malia que a Xunta de Galiza ten claras as medidas que adoptará para promover o uso do inglés no ensino superior, descoñecemos se pensa desenvolver algunha para que a lingua galega goce tamén de maior prestixio e uso no ámbito académico.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- a) Desenvolver, en colaboración coas universidades galegas, un estudo sobre usos lingüísticos no ensino superior en Galiza.
- b) Crear unha comisión estable entre a Xunta de Galiza e as universidades galegas encargada de analizar os resultados do estudo así como propor e coordinar a política lingüística universitaria.”

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/03/2018 17:54  
Nº Rexistro: 27842

Data envío: 13/03/2018 17:54:59.830

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 13/03/2018 17:37:54**

**María Montserrat Prado Cores na data 13/03/2018 17:38:00**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 13/03/2018 17:38:02**

**Noa Presas Bergantiños na data 13/03/2018 17:38:04**

**Xosé Luis Bará Torres na data 13/03/2018 17:38:05**

**Ana Pontón Mondelo na data 13/03/2018 17:38:11**

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Segundo os datos da Federación Española de Epilepsia, existen en España máis de 700.000 persoas que padecen epilepsia, atopándose en Galicia 30.00 pacientes coa enfermidade diagnosticada.

En Galicia existe unha unidade de referencia para o tratamento da enfermidade, situada no CHUS, que pese a facer unha labor moi importante, tendo en conta a cantidade de persoas afectadas en Galicia, o aumento de medios tanto humanos como materiais, permitiría mellorar o traballo na mesma, igual que no resto de unidades de neuroloxía dos diferentes hospitais públicos.

Resulta ser unha enfermidade bastante estigmatizada que ademais de ter consecuencias directas sobre a saúde e incluso secuelas importantes derivadas tanto da enfermidade en si como da medicación, provoca tamén unha falta de inserción social e laboral nas persoas enfermas, sinalando a propias OMS as dificultades tanto no ámbito escolar como no social e laboral.

Neste sentido, a necesidade de afondar en medidas de investigación, formación e información da enfermidade así como facilidades para a integración social e o emprego, resultan totalmente imprescindibles para superar as dificultades da enfermidade.



Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte  
Proposición non de Lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Apoiar e fomentar proxectos de investigación tales como novos medicamentos, así como os aspectos psicolóxicos e sociais que afecta a calidade de vida.
- Promover o coñecemento da enfermidade, causas, manifestacións repercusións físicas, psicolóxicas e sociais co fin de eliminar o estigma na sociedade.
- Revisar os baremos para a consecución do grado de discapacidade mínimo de un 33% tendo en conta o expediente médico individualizado.
- Dotar tanto a unidade de referencia do CHUS como os servizos de neuroloxía dos diferentes hospitais públicos do recursos humanos e materiais necesarios.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**



**Eva Solla Fernández na data 13/03/2018 18:17:48**

**Luis Villares Naveira na data 13/03/2018 18:17:56**

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Concello da Estrada a Xunta dispón dunha residencia de atención á terceira idade con 40 prazas, para persoas con autonomía.

O pleno do Concello da Estrada aprobou por unanimidade o 2 de novembro de 2017, a petición do grupo municipal “Móvete”, reclamar á Xunta unha residencia de atención a persoas maiores dependentes, de xestión pública, na Estrada, que dea servizo tanto ao Concello como a toda a comarca, unha petición respaldada por 1500 sinaturas da veciñanza estradense. Ademais, o Concello dispón de terreos para unha infraestrutura destas características.

O alcalde da Estrada fixo declaracións en relación á posta a disposición dun terreo municipal para a construción dunha residencia por parte dunha empresa privada, engadindo que considera que é suficiente que esta conte cunha porcentaxe reservada de prazas concertadas.

En Galicia hai unha lista de agarda de persoas maiores para residencias da terceira idade públicas que oscila nos últimos anos entre 1500 e 2000 prazas, aínda tendo as residencias da terceira idade prazas vacantes.



O índice de cobertura de prazas de residencias para persoas maiores en Galicia é moi inferior ao do resto do Estado, sendo a rateo de prazas residenciais por cada 100 persoas de 65 ou máis anos de 3,2, fronte ao 4,3 da media estatal, sendo a quinta Comunidade Autónoma do Estado cunha rateo máis baixa. Neste eido, afóndase nun modelo privatizador: Galiza é a CA con maior porcentaxe de prazas privadas no conxunto das prazas de residencias da 3ª idade (un 67% son prazas privadas, cando no conxunto do Estado as prazas públicas pasan do 50%) e estas prazas costan de media un 8% máis que unha praza pública xestionada directamente.

O Concello da Estrada ten 20.700 habitantes (2017), dos cales máis do 27% teñen máis de 65, tendo unha taxa de avellentamento que supera a media galega, mentres a taxa de fertilidade está en 1,21 fillos/as por muller.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a iniciar, antes de 2020, a construción dunha residencia de xestión pública para persoas maiores asistidas no Concello da Estrada.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Deputada do G.P. de En Marea  
Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. de En Marea.



**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 14/03/2018 09:29:07**

**Luis Villares Naveira na data 14/03/2018 09:29:14**

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### Exposición de motivos

A finais de 2014 (como en abril de 2011 e en outubro de 2013), a Comisión Europea anunciaba que denunciaría a España (e a Galicia) ante o Tribunal de Xustiza da UE por non existir garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversas zonas de Galicia, pola falla dun un sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública. Mesmo a Comisión Europea solicitaba a imposición dunha sanción económica a España pola falta de tratamento de residuos líquidos en 17 cidades, entre elas, Santiago, Vigo e Ribeira. A Estación Depuradora de Augas Residuais de Dena (Meaño) atópase saturada no seu funcionamento. A pesares de ser anunciada inicialmente para dar servizo a unha poboación de algo máis de 30.000 habitantes, o seu funcionamento actual atende a unha poboación de algo menos de 20.000 pero dá problemas constantemente por unha cuestión de cantidade. Un dos problemas que contribúe a isto é a non separación de augas residuais e pluviais, o que ocasiona obturacións e colapsos dos mecanismos da EDAR. Os informes de Augas de Galicia así o indican, e alertan constantemente do estado límite da depuradora.

A estación depuradora, ademais, atópase próxima a unha zona considerada de especial conservación (ZEC) como é a ensenada de Os Pasales.

No entanto, o Concello limítrofe de Sanxenxo continúa na súa insistencia de conectar a esta depuradora o Polígono industrial de Nantes, o que provocaría o imposible funcionamento da EDAR. Dende a Xunta de Galicia non se rexeita esta intención, e véñense infraestimando os informes de Augas de Galicia, mantendo a incerteza



## Grupo Parlamentario

sobre a conexión de dito polígono á EDAR, o que causaría un problema medioambiental grave, por non poder ser tratadas axeitadamente as augas que chegaran á estación, coas consecuencias que tería xa de inicio sobre Os Pasales e, ademais, sobre o estado global do entorno.

As dúbidas que seguen a existir sobre a postura da Xunta de Galicia xeran preocupación entre as persoas veciñas da zona que se vén afectados e afectadas pola incapacidade da administración de solucionar o problema xa existente, e a ameaza de poder agravalalo considerablemente no caso de que se levara a cabo esa conexión co polígono industrial.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que se dirixa ao Concello de Meaño para iniciar, á maior brevidade as obras necesarias para desdobrar as canalizacións de augas pluviais e residuais que chegan á Estación Depuradora de Augas Residuais de Dena (Meaño).
2. Atender aos informes técnicos de Augas de Galicia no que corresponda á conexión da EDAR de Dena co polígono industrial de Nantes, e remitir á maior brevidade estes informes aos grupos parlamentarios e aos grupos políticos representados nos concellos de Meaño e Sanxenxo.
3. Traballar noutras solucións para a canalización e depuración de augas do polígono de Nantes, que non pasen por facelo a través da saturada EDAR de Dena.

Pazo do Parlamento, 12 de marzo de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 14/03/2018 10:02:28**



 Grupo Parlamentario

**Patricia Vilán Lorenzo na data 14/03/2018 10:02:34**

**Raúl Fernández Fernández na data 14/03/2018 10:02:40**

**María Luisa Pierres López na data 14/03/2018 10:02:45**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/03/2018 10:02:50**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Julio Torrado Quintela, Xoaquín Fernández Leiceaga e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### Exposición de motivos

A situación do servizo de urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago amosa unha evidente saturación e de moi alta demanda en relación ao número de persoal que o atende, ademais de atoparse cun déficit material que dificulta a súa capacidade de ofrecer unha calidade asistencial do nivel esixido.

O propio persoal do servizo vén reclamando, de maneira habitual, a necesidade de incrementar o cadro de persoal de recursos humanos e de mellorar a dotación material do servizo. Existen problemas que inciden claramente na perda de capacidade e calidade asistencial, como o deficiente número de padiolas para atender a pacientes que ten levado a ter paradas as ambulancias por non ter padiolas para levar, ou a imposibilidade de dispoñer de aparatos de uso frecuente e normal nun servizo de urxencias.

Nesas reivindicacións, o persoal do propio servizo ten presentado ante os órganos directivos procedentes do propio hospital unha proposta de incremento de persoal, atendendo aos mínimos posibles para conxugar esa necesidade coa restrición orzamentaria que se argumenta dende as posicións de xestión do sistema. A propia Dirección do centro ten compartido esta opinión e manifestou ter trasladado esta petición á Consellería de Sanidade, estando a favor das reclamacións do persoal.

Todas estas demandas, no entanto, non están a ser atendidas e o servizo de urxencias segue a atoparse ao límite da súa capacidade, sendo un problema asistencial nos días en que se eleva a demanda de atención pola chegada de pacientes.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Establecer, coa Dirección do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, un plan de contratación de persoal que contribúa a paliar os déficits existentes entre dito centro e axude a mellorar a calidade asistencial ofrecida no servizo de urxencias.
2. Acompañar a contratación de persoal cun investimento básico no material necesario para garantir unha axeitada atención e unhas condicións adecuadas para o desenvolvemento das tarefas do Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

Pazo do Parlamento, 13 de marzo de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Deputado - portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 14/03/2018 09:57:02**

**Noela Blanco Rodríguez na data 14/03/2018 09:57:07**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/03/2018 09:57:12**

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de EN MAREA a través dos seus deputados e deputadas **Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, Ánxeles Cuña Bóveda, Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García, Magdalena Barahona Martín, Eva Solla Fernández, Carmen Santos Queiruga, Paula Quinteiro Araújo, Davide Rodríguez Estévez, Luca Chao Pérez, Juan José Merlo Lorenzo, Marcos Cal Ogando e Francisco Vidal Casal**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A Declaración Universal de Dereitos Humanos no seu artigo 19 recolle o dereito á liberdade de expresión e de opinión de cada persoa, a non ser molestado a causa das mesmas, o dereito de investigar e recibir informacións e opinións e o de difundilas, sen limitación de fronteiras por calquera medio de expresión; e no artigo 29 no que recolle o sometemento de todos os dereitos e liberdades ás limitacións impostas pola lei co único fin de asegurar o recoñecemento e o respecto dos dereitos e liberdades dos demais, e de satisfacer as esixencias da moral, orde pública e benestar xeral nunha sociedade democrática.

Ademais, este dereito á liberdade de expresión tamén se recolle no Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos nos artigos 19 e 20, na Convención sobre os Dereitos do Neno e da Nena, no artigo 13, na Convención Internacional sobre a Eliminación de todas as Formas de Discriminación Racial no artigo 4.

O Convenio Europeo para a protección dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais, feito en Roma o 4 de novembro de 1950, no seu artigo 10 recolle o dereito á liberdade de expresión.

*“Toda persoa ten dereito á liberdade de expresión. Este dereito comprende a liberdade de opinión e a liberdade de recibir ou comunicar informacións ou ideas sen que poida haber inxerencia de autoridades públicas e sen consideración de fronteiras. O presente artigo non impide que os Estados sometan as empresas de radiodifusión, de cinematografía ou de televisión a un réxime de autorización previa.*

*O exercicio destas liberdades, que comportan deberes e responsabilidades, pode someterse a certas formalidades, condicións ou restricións ou sancións previstas pola lei, que constitúan medidas necesarias, nunha sociedade democrática, para a seguridade nacional, a integridade territorial ou a seguridade pública, a defensa da orde pública ou a prevención do delito, a protección da saúde ou da moral, a protección da reputación ou dos feitos alleos, para impedir a divulgación de informacións confidenciais ou para garantir a autoridade e a imparcialidade do poder xudicial.”*

Ademais tamén se recolle este dereito fundamental na Carta de Dereitos Fundamentais, no artigo 11, no que baixo o epígrafe da liberdade de expresión e de información recolle no punto 1 a liberdade de expresión de todas as persoas, comprensivo da liberdade de opinión e a liberdade de recibir ou comunicar ideas ou informacións sen inxerencia das autoridades públicas e sen consideración de fronteiras e no punto 2 co respecto á liberdade dos medios de comunicación e do seu pluralismo.

A Lei Orgánica 10/1995 do Código Penal, no título XXI, capítulo II, dentro dos delitos contra a Constitución e nos delitos contra a Coroa, (artigos 485 a 491)



regula especificamente nos artigos 490.3 e 491 o delito de injurias e calumnias contra a Coroa.

Así no punto 1 recolle as calumnias e injurias contra calquera das persoas mencionadas no artigo anterior- a saber: Rei ou Raíña, ou a calquera dos seus ascendentes ou descendentes, á Raíña consorte ou ao consorte da Raíña, ao Rexente, ou a algún membro da Rexencia, ou ao Príncipe ou Princesa de Asturias- e fora dos supostos previstos no mesmo, castigaranse coa pena de multa de catro a vinte meses.

No punto 2 sinala a imposición da pena de multa de seis a vinte catro meses ao que use a imaxe do Rei ou da Raíña ou de calquera dos seus ascendentes ou descendentes, ou da Raíña consorte ou do Consorte da Raíña, ou do Rexente ou dalgún membro da Rexencia, ou do príncipe.

No ano 2008, a Sentencia da Sala do Penal da Audiencia Nacional, de 5 de decembro de 2008, desestimaba o recurso de apelación interposto contra a sentenza condenatoria que ditara o Xulgado Central Penal da Audiencia Nacional con data de 9 do xullo do 2008 no Procedemento Abreviado nº 52/2007 e condenaba a dúas persoas a unha pena de 15 meses de prisión, substituída por unha multa de 2.700 euros pola queima dunha fotografía dos Reis Eméritos nun acto en Girona no ano 2007.

Presentado o Recurso de Amparo nº 956-2009 ante o Tribunal Constitucional fronte a sentenza firme de condena, este denegaría no ano 2015 o mesmo, na Sentencia 177/2015, de 22 do xullo do 2015, con catro votos discrepantes.

O TEDH na Sentencia de 13 do marzo de 2018 da a razón as persoas condenadas con razoamentos contundentes en favor da liberdade de expresión na que se teñen que enmarcar estes feitos, que non son constitutivos nin merecedores de condena penal. A condena de dúas persoas por ese acto constitúe un acto de



inxerencia contra a liberdade de expresión, contemplado no artigo 10 da Convención Europea de Dereitos Humanos (CEDH).

Dito acto de queima da imaxe do Rei e da Raíña, sinala o TEDH, non constitúe un acto contra a institución da monarquía en si mesma senón que *é a expresión simbólica do rexeitamento e crítica política á mesma institución.*

Nesta Sentencia de 13 de marzo de 2018 o TEDH na que existe unanimidade de toda a maxistratura do Alto Tribunal que a dita, anúlase a condena imposta a estas dúas persoas, condenadas no ano 2008 e doutra banda, condénase ao Estado español á devolución da multa xa pagada polas recorrentes e ao pago dunha indemnización de 7.500 € a cada delas. A sentenza do TEDH é de obrigado cumprimento para España.

É necesaria unha modificación do Código Penal para axustala á lexislación europea sobre a liberdade de expresión contida no Convenio Europeo de Dereitos Humanos.

Di o TEDH que *“os actos de queima das imaxes son unha forma de expresión dunha opinión no contexto dun debate sobre unha cuestión de interese público, neste caso da monarquía.”* “A liberdade de expresión, din, ampara aos actos e ideas consideradas inofensivas e tamén aquelas as que xeran conmoción ou preocupación.”

A protesta enmarca unha crítica ao que o rei representa, como xefe e símbolo do Estado. A queima entra no ámbito da crítica política como expresión dun rexeitamento da monarquía como institución. Négase que poda considerarse como incitadoras ao odio, delitos que protexen ás minorías discriminadas pola raza ou a condición sexual. O vencello entre a queima de fotos dos monarcas co discurso de odio e a violencia como sinalou o TC é prexudicial para o pluralismo, a tolerancia, e o espírito sen o que non existe sociedade democrática.





Esta argumentación do TEDH é máis próxima aos votos particulares das maxistradas e maxistrados do TC, na Sentencia TC 177/2015 denegatoria do recurso de amparo 956/2009.

A argumentación desta resolución pode ser clave para o percorrido xudicial doutros supostos en que a aplicación da lexislación vixente en materia penal está a lesionar dereitos fundamentais, como sucedeu no caso de representacións teatrais, expresións musicais así como a prohibición das mesmas, ou contidos publicados en redes sociais, polo que urxe unha revisión do Código Penal que deixe de restrinxir o dereito fundamental á liberdade de expresión, que está motivando condenas que ademais de inxustas poden devir ilícitas do punto de vista da normativa internacional ratificada polo Estado Español, así como aumentando perigosamente a autocensura por medo á actuación penal.

Finalmente, cabe indicar que movementos sociais, asociacións de defensa dos dereitos civís ou asociacións xudiciais como Xuízas e Xuíces para a Democracia xa saíron publicamente a pedir neste mesmo sentido unha revisión do Código Penal para mellor garantía das liberdades públicas e os dereitos fundamentais.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte

### **PROPOSICIÓN NON DE LEI:**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para presentar un Proxecto de lei de modificación da LO 10/1995 e adaptar o Código Penal á normativa europea de protección e contido dos dereitos humanos e liberdades públicas contidos na Convención Europea de Dereitos



Humanos, nomeadamente á protección do dereito da liberdade de expresión, con suxeición á xurisprudencia do TEDH.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2018.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 14/03/2018 10:05:53**

**Paula Vázquez Verao na data 14/03/2018 10:06:06**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/03/2018 10:06:11**

**José Manuel Lago Peñas na data 14/03/2018 10:06:21**

**Antón Sánchez García na data 14/03/2018 10:06:28**

**Magdalena Barahona Martín na data 14/03/2018 10:06:37**

**Eva Solla Fernández na data 14/03/2018 10:06:43**

**Carmen Santos Queiruga na data 14/03/2018 10:06:53**



**Paula Quinteiro Araújo na data 14/03/2018 10:07:01**

**David Rodríguez Estévez na data 14/03/2018 10:07:10**

**Luca Chao Pérez na data 14/03/2018 10:07:19**

**Juan José Merlo Lorenzo na data 14/03/2018 10:08:34**

**Marcos Cal Ogando na data 14/03/2018 10:08:43**

**Francisco Casal Vidal na data 14/03/2018 10:08:55**

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### Exposición de motivos

Os veciños e veciñas de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras, levan máis de vinte cinco anos coa estrada que leva as súas casas cortada ao tráfico, a OU-0807.

A pesar de que esta vía, de titularidade da Deputación de Ourense, leva cortada así como sinalizada a prohibición de circular pola mesma polo mal estado no que se atopa dende hai tempo, era a estrada pola que circulaban a diario ata o de agora, tanto as ambulancias, como o transporte escolar e de todo tipo de vehículos, e mesmo os propios veciños e veciñas.

Durante estes anos, a situación da estrada aínda se foi deteriorando máis, debido en gran medida a actividade das explotacións de lousa da zona así como a súa utilización a diario para ese tráfico pesado, ata que as choivas destas últimas semanas provocaron unha greta lonxitudinal no medio da calzada, existindo segundo afirman os técnicos no tramo final (o máis próximo a San Vicente de Leira), un alto risco de derrube. O pasado sábado a Deputación de Ourense realizou o corte físico desta estrada.

A alternativa que ofrecen é circular pola estrada de O Robledo, de titularidade municipal, que debido a súa elevada pendente así como ao firme e outras consideracións técnicas, non ofrece óptimas condicións de seguridade.

Dende a Deputación de Ourense afirmase que esta é unha solución provisional mentres non se leve a cabo a obra de recheo da vaguada,

**Grupo Parlamentario**

pero a veciñanza leva esperando máis de vinte anos a que a institución provincial realice esta obra.

Non parece dunha administración responsable, tanto sexa provincial como autonómica, ter a unha poboación illada (a maioría persoas maiores), e sen acceso por estrada, desentendéndose do que poida pasar por non ter a posibilidade de circular por unha estrada en condicións de seguridade.

Sabemos que se trata dunha obra que esixe un orzamento importante para unha Deputación, pero tamén sabemos que as diferentes administracións son solidarias no caso de asegurar servizos mínimos para os cidadáns administrados, que un acceso seguro as súas casas é algo básico, e que ademais o levan reivindicando os veciños e veciñas de San Vicente dende hai máis de 25 anos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a garantir o acceso as súas vivendas aos veciños veciñas de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras e, para elo:

1. Cooperar coa Deputación de Ourense para arranxar a estrada OU-0807.
2. Conxuntamente co Concello de Vilamartín de Valdeorras, analizar a seguridade viaria que une O Mazo co Robledo, e facer público este informe.

Pazo do Parlamento, 13 de marzo de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 14/03/2018 10:17:06**

**Raúl Fernández Fernández na data 14/03/2018 10:17:13**



---

**Grupo Parlamentario**

**María Luisa Pierres López na data 14/03/2018 10:17:18**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 14/03/2018 10:17:23**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/03/2018 10:17:28**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### Exposición de motivos

O pasado 9 de marzo o Boletín Oficial do Estado (BOE) publicou o Real decreto 106/2018, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021.

Dentro das actuacións encamiñadas a axudar ás persoas maiores de 65 anos, o Goberno decidiu suprimir a axuda de ata 200 euros ó mes para aqueles pensionistas que tiveran unha vivenda en propiedade e necesiten axuda para facer fronte ós gastos de mantemento, comunidade ou subministración -luz, auga, gas...- da vivenda.

De feito, as axudas ó pago de subministracións básicas, no novo plan, se circunscriben a fogares que teñan sufrido un desafuzamento, e estas axudas deberán ser aportadas polas administracións locais.

Unha decisión que chama a atención, cando no primeiro borrador do plan, o Ministerio de Fomento establecía que poderían beneficiarse desta axuda máxima aquelas persoas maiores de 65 anos que tiveran unha casa en propiedade-e esta fose a súa residencia habitual e permanente-, un patrimonio inferior a 100.000 euros e uns ingresos inferiores a tres veces o IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) que está fixado actualmente en 7.519 (14 pagas), polo que estaría limitado a uns ingresos máximos de 22.558 euros.

Galicia conta con preto de 237.000 fogares compostos só por persoas de 65 anos ou máis, e deses, uns 138.000 son propiedades en réxime de tenza.

**Grupo Parlamentario**

E ademais 300.000 son os galegos e galegas de máis de 65 anos que declaran ter dificultade ou moita dificultade para chegar a fin de mes.

A estas cifras, súmaselle o insuficiente incremento das pensións ano a ano, que pouco axuda a que esta circunstancia de empobrecemento paulatino se palí adecuadamente. A diferenza doutros colectivos, as persoas maiores de 65 anos e pensionistas, non teñen opción de mellorar a súa condición económica, salvo por razóns meramente excepcionais.

E ter unha vivenda en propiedade nin sequera é un respiro no total dos casos, debido ó aumento importante dos gastos que carrega o mantemento dunha vivenda (luz, auga, gas, lixo, IBI, comunidade, calefacción, ...), con maior incidencia nos fogares unipersoais de mulleres, por ser estatisticamente o perfil con pensións máis baixas.

Por todo o exposto, e considerando a especial vulnerabilidade de parte deste colectivo, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en práctica un plan de axudas dirixido a persoas maiores de 65 anos, tanto para o pago de aluguer da vivenda que ocupen en réxime de arrendamento ou para axudar ós gastos de mantemento, comunidade ou subministracións básicos da vivenda que ocupan en réxime de propiedade, empregando como baremo principal o nivel de ingresos mensuais.

Pazo do Parlamento, 13 de marzo de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 14/03/2018 11:28:49**

**Noela Blanco Rodríguez na data 14/03/2018 11:29:22**

**Raúl Fernández Fernández na data 14/03/2018 11:29:27**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 14/03/2018 11:29:32**





 **Grupo Parlamentario**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/03/2018 11:29:37**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á demora na publicación do resultado da OPE para persoas con discapacidade intelectual celebrado en abril de 2017.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG do luns, 7 de marzo de 2016, publicaba a orde pola que se convocaba proceso selectivo para o ingreso na categoría 003 (ordenanza e outras) do grupo V de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, en prazas reservadas para ser cubertas por persoas que acreditasen discapacidade intelectual.

As probas de selección celebráronse a primeiros de abril de 2017 e consistiron en 2 cuestionarios, un de 25 preguntas con 3 respostas, outro de 10 preguntas con 3 respostas, segundo consta no portal [www.funcionpublica.xunta.gal](http://www.funcionpublica.xunta.gal).

A día de hoxe, e vai para un ano, non se coñecen os resultados dos exames, coa conseguinte preocupación das persoas que neles participaron, persoas con discapacidade, que, como é sabido, teñen poucas oportunidades de acceso a traballos, e menos a traballos fixos.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno de galego a resolver á maior brevidade o proceso selectivo para o ingreso na categoría 003 (ordenanza e outras) do grupo V de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, en prazas reservadas para ser cubertas por persoas que acreditasen discapacidade intelectual, publicado no DOG do luns, 7 de marzo de 2016 e cuxas probas de selección celebráronse a primeiros de abril de 2017, así como a incorporar aos postos de traballo ás persoas que resultaren seleccionadas.”

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/03/2018 11:44**  
**Nº Rexistro: 27892**  
Data envío: 14/03/2018 11:44:57.533

**María Montserrat Prado Cores na data 14/03/2018 11:29:11**

**Ana Pontón Mondelo na data 14/03/2018 11:29:17**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 14/03/2018 11:29:18**

**Olalla Rodil Fernández na data 14/03/2018 11:29:21**

**Noa Presas Bergantiños na data 14/03/2018 11:29:22**

**Xosé Luis Bará Torres na data 14/03/2018 11:29:24**

## Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, José Manuel Pérez Seco, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol (CHUF) como o do Naval veñen amosando necesidades que foron demandadas sucesivamente por colectivos e grupos políticos. De todo o procedemento necesario para a dotación de novos espazos e servizos ao complexo hospitalario, soamente foi realizado o Plan funcional, mentres que en período pre-electoral (finais de agosto de 2016) convocouse a licitación da redacción do Plan director e o proxecto do CHUF, con dotacións económicas xenéricas que xeran desconfianza sobre a realidade que vai ser desenvolvida.

O 27 de abril de 2017 despois do Consello da Xunta de Galicia o seu presidente pola mañá anunciaba en rolda de prensa e pola tarde presentaba no salón de actos do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol (CHUF), a posta en marcha da ampliación do hospital, coa adxudicación da redacción do Plan director, que incrementará a capacidade para hospitalización.

Ademais do Plan director tamén se adxudicaba a redacción do proxecto básico e de execución dos dous edificios, que recollen as aportacións e suxestións dos profesionais e usuarios do CHUF.

Á espera de que se concreten estes plans os servizos de urxencias seguen sufrindo saturacións, froito das limitacións de recursos e espazos e da falta de persoal froito da deficiente planificación de persoal por parte da Consellería.

Por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que inicie, durante o ano 2018, as obras de ampliación do Centro Hospitalario Universitario de Ferrol (CHUF).



**Grupo Parlamentario**

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2018

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 14/03/2018 11:35:29**

**Julio Torrado Quintela na data 14/03/2018 11:35:42**

**Noela Blanco Rodríguez na data 14/03/2018 11:35:50**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/03/2018 11:36:31**

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas e deputados **Paula Vázquez Verao, Ánxeles Cuña Bóveda, David Rodríguez Estévez e Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en Pleno.

### Exposición de motivos

O Centro de Menores de Montealegre, en Ourense, foi pechado en 2012 para acometer obras de mellora das instalacións.

Este centro acollía a menores en situación de tutela ou garda por parte da Xunta, de 14 ou máis anos, con problemas de conducta.

O peche de dito centro non se acompañou dunha solución específica para estes menores, o que provocou que se internaran no centro ordinario da Carballeira, de réxime aberto, provocando unha mestura de diversos casos sociais, evitando a posibilidade de tratar adecuadamente a cada persoa menor. As e os profesionais que traballan no eido da protección de menores consideraron errónea esta solución, consecuencia da cal as fugas de menores aumentaron.

Ademais, o peche do centro destruíu emprego público, xa que se modificou a RPT, amortizando postos vacantes ocupados por persoal laboral temporal, tanto no centro de Montealegre como no da Carballeira.



A reapertura do Centro de Menores de Montealegre é unha necesidade, pero a Xunta optou pola xestión privada do mesmo, en lugar de asumir a xestión, desaproveitando un patrimonio público, con boas dotacións, e impedindo o desenvolvemento da boa labor dos e das profesionais empregados da Xunta.

O 1 de marzo de 2018 a Xunta publica no DOG a “Resolución do 23 de febreiro de 2018 pola que se anuncia a convocatoria pública do procedemento de contratación aberto, polo trámite ordinario, para a adxudicación do contrato de servizos, documentalmente simplificado, suxeito a regulación harmonizada, denominado Xestión e dirección do centro Montealegre en Ourense, para a execución dun programa de acollemento residencial de menores baixo a medida de protección de tutela ou garda da Xunta de Galicia especializado na atención terapéutica para menores con problemas de conduta (24 prazas)”.

O prazo para presentar as ofertas remata o ás 19.00 horas do 3 de abril de 2018.

O prazo de execución é desde a formalización do contrato ata o 31 de marzo de 2020.

O orzamento máximo total sen IVE é de 2.943.006,00 euros; con IVE, de 3.237.394,32 euros.

Nas cláusulas administrativas non se recolle especificamente a necesidade de contar con persoal algún coa titulación de Educación Social.

En 2014, a institución do Valedor do Pobo alertou da falta de instalacións públicas en Galicia para acollemento de menores en situación de tutela ou garda, e denuncia a supresión de centros de menores públicos, poñendo Montealegre como exemplo.





Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1. Paralizar o procedemento de contrato de servizos, documentalmente simplificado, suxeito a regulación harmonizada (SARA) consistente na Xestión e dirección do centro Montealegre en Ourense para a execución dun programa de acollemento residencial de menores baixo a medida de protección de tutela ou garda da Xunta de Galicia, especializado na atención terapéutica para menores con problemas de conduta.
2. Asumir por parte da Xunta a apertura inmediata do Centro de Menores de Montealegre mediante xestión directa de todos os servizos, coa recuperación dos postos amortizados no peche do ano 2012.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao,

Asdo.:Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda,

Voceiro do G.P. de En Marea

Davide Rodríguez Estévez

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea** a través das súas deputadas e deputados **Luís Villares Naveira, Eva Solla Fernández, Paula Vázquez Verao, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Manuel Lago Peñas, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 5 de marzo publicábase na prensa a filtración das notas do exame MIR. O Ministerio de Sanidade ante a autenticidade do mesmo só podía confirmar a veracidade do documento. Un erro cometido polo informático encargado da páxina en internet, presunta e presumiblemente, facía públicos o nome, apelidos, e número de documento nacional de identidade das persoas participantes e das súas notas do MIR, e doutras probas realizadas como as de Psicoloxía, Farmacia, Química, Radiofísica e Bioloxía; así como outros datos sobre as preguntas contestadas, os erros cometidos, as respostas acertadas así como as non contestadas e outros datos como a puntuación, a non presentación ou eliminación da proba, e outros datos como a puntuación acadada.

Un día antes da data oficial, as 14.000 aspirantes da proba do MIR xa coñecían a súa nota mediante un PDF de 362 páxinas, co cuño oficial do departamento do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, do que é titular Dolores Monserrat, e que resultou ser o oficial, no que aparecían ordenados os resultados de todos os MIR anuais e que se enviara a todas as delegacións e subdelegacións



do goberno encargados de publicalas nas súas sedes para consulta en papel das persoas interesadas.

As responsables aseguran que se vai iniciar unha investigación, posto que se incumpriron as medidas mínimas de seguridade no tocante a LOPD.

Amais desta investigación habería que revisar tamén a política de protección de datos, e dos protocolos. Neste caso a xente podía consultar os resultados de toda a listaxe do MIR e doutras probas, cando noutras ocasións só se podía consultar a propia nota obtida.

Doutra banda, a aplicación de medidas de seguridade adicionais, para que no caso de filtración como o precedente, permitirían a protección doutros datos como o DNI, nome completo, discapacidade, o réxime administrativo da cidadanía non comunitaria, o número de expediente, etc., protexidos polo Regulamento UE 2016/679 del Parlamento Europeo e do Consello, do 27 do abril do 2016, Regulamento Xeral de Protección de Datos ou RXPDP, e xa no ámbito estatal por a Lei Orgánica 15/1999, de 13 do decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, a nova lei orgánica de protección de datos, aprobada o 10 de novembro de 2017 e que entra en vigor o 25 de maio deste ano 2018 e o Regulamento 1720/2007, xeral para a protección de datos.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI** para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a dirixirse ao Goberno de España para:



- 1.- Investigar a filtración dos resultados do MIR e depurar responsabilidades.
- 2.- Esixir o tratamento diferenciado de datos segundo o grado de protección ou niveis esixidos na LOPD, e sobre todo aqueles que como a incapacidade teñen un tratamento de nivel alto segundo dita lei.
- 3.- Comunicar o asunto a Axencia Española de Protección de Datos, para a imposición de medidas.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2018.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 14/03/2018 13:02:20**

**Eva Solla Fernández na data 14/03/2018 13:02:43**

**Paula Vázquez Verao na data 14/03/2018 13:02:50**

**Antón Sánchez García na data 14/03/2018 13:02:58**

**Carmen Santos Queiruga na data 14/03/2018 13:03:08**

**Magdalena Barahona Martín na data 14/03/2018 13:03:39**

**Marcos Cal Ogando na data 14/03/2018 13:03:49**



**Francisco Casal Vidal na data 14/03/2018 13:03:57**

**Luca Chao Pérez na data 14/03/2018 13:04:08**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/03/2018 13:04:25**

**José Manuel Lago Peñas na data 14/03/2018 13:04:39**

**Juan José Merlo Lorenzo na data 14/03/2018 13:04:46**

**Paula Quinteiro Araújo na data 14/03/2018 13:04:58**

**David Rodríguez Estévez na data 14/03/2018 13:05:02**

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas e deputado **Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao e Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Xunta de Galicia traballa persoal informático. Este persoal divídese en persoal funcional e persoal laboral. De entre este último poden existir varios tipos: persoal laboral temporal e laboral indefinido non fixo, laboral fixo. Todos eles teñen un denominador común son todas persoal informático, pero con diferentes retribucións segundo a sorte do día.

Mediante acordo do Consello da Xunta do ano 1993, que se aplicou a persoal laboral fixo, interino, funcionarios, laboral temporal e laboral indefinido non fixo equiparouse o salario do persoal laboral temporal informático dos 20 coordinadores de infocentros co persoal funcionario. Na teoría porque na práctica deles só 11 persoas teñen recoñecida unha retribución que se cualifica nalgúns nóminas como “pendente plus de convenio”.

Dito acordo pretendía homologar a percepción salarial dos diferentes grupos existente entre persoal laboral e persoal funcionario, e que en realidade, realizaban as mesmas funcións en diferentes consellerías.

No ano 2007 as categorías de persoal laboral temporal e laboral indefinido non fixo obtiveron o recoñecemento dunha equiparación que xa se producira nalgúns casos pola vía xudicial, e consolidaron os postos de traballo a través da



Disposición Transitoria Décima do V Convenio Colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Desde o ano 2012 todo o persoal informático refundiuse nunha única axencia: a AMTEGA, Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia, que fai diferenzas salariais entre este persoal informático que realiza as mesmas funcións e que mesmo entraron no mesmo ano e día a traballar, dando situacións dispares e causando desigualdades co agravante de que no caso do colectivo de infocentros teñan recollida esta condición nos sucesivos orzamentos e este non chegue a seu destino por non execución do mesmo.

Este acordo non se executou, polo que as previsións de non discriminación son evidentes pois unhas persoas cobran os complementos e outras non, 11 delas si e outras 10 non, inda que na liña orzamentaria 4536, no programa de gasto 571A chamado fomento da sociedade da información e do coñecemento, si que está presupostado e non hai unha execución real do gasto das 20 persoas que se recollen. Desde o ano 2013 recóllese como liña 4536 Grupo III ( técnico especialista informática, no grupo 3.

Nela recóllese un complemento presupostado para os diferentes exercicios para as 20 persoas e que só se abona a 11 delas, é dicir do total presupostado como complemento en 118.118,40 euros no ano 2017 a razón de 5905,92 euros ao ano, o que fai un total de 421,851 euros mensuais. 10 persoas non perciben este complemento de 5905,92 euros anuais o que supón unha importante minguía no seu patrimonio como unha discriminación salarial brutal en comparación cas outras persoas que si o perciben e mesmo o gañaron a través de sentencias xudiciais.



Por todo o exposto, este Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI** para o seu debate en Pleno.

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Executar a previsión orzamentaria da liña 4536 equiparando no salario, de facto, as 20 persoas para as que está prevista a liña orzamentaria, e nomeadamente o complemento.
- 2.- Aboar os atrasos correspondentes dese complemento, e desa liña presupostada que non foi executada en ningún dos exercicios anteriores.
- 3.- Absterse de discriminar salarialmente a persoas que fan o mesmo traballo e mesmas funcións, no mesmo grupo e categoría profesional.”

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Carmen Santos Queiruga

Deputado e deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**





**Luis Villares Naveira na data 14/03/2018 13:24:27**

**Paula Vázquez Verao na data 14/03/2018 13:24:36**

**Carmen Santos Queiruga na data 14/03/2018 13:24:39**

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a través dos seus deputados **Luís Villares Naveira e Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento desta Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A lei 7/2014 de 26 do setembro de arquivos e documentos de Galicia, aprobou a primeira lei de arquivos de Galicia. Hoxe só 3 consellerías contan con persoal arquivístico, a pesar de que todas as consellerías e xefaturas territoriais deberían dispor deste persoal.

No seu artigo 13 dita lei recolle as clases de arquivos públicos integrados por aqueles documentos que producen as administracións públicas e as entidades instrumentais, diferenciando arquivos de xestión, centrais e intermedios e históricos.

No artigo 14 recolle o persoal arquiveiro, técnico e administrativo suficiente para cubrir as necesidades do servizo, que realizarán persoas con titulación universitaria e formación en materia de arquivos ou documentación.

Recóllese no artigo 15.5 sobre as infraestruturas e orzamentos, que establece que non poderá basearse a denegación de acceso aos documentos dun arquivo público na falta de instalacións axeitadas ou de dispoñibilidade orzamentarias.



Tanto arquivos públicos como arquivos privados conforman o sistema de arquivos de Galicia segundo os artigos 30 e 31, que recollen respectivamente os arquivos que compoñen este sistema e os requisitos e efectos da pertenza a dito sistema, entre o que destacaremos o 31.3.c) en canto a requisitos técnicos din que todos os arquivos do Sistema de Arquivos de Galicia teñen que cumprir uns requisitos técnicos, e en especial (...) dispoñer do persoal suficiente e cualificado desde o punto de vista técnico e profesional. É a consellería competente en materia de arquivos e patrimonio documental o órgano encargado da dirección e coordinación do exercicio das competencias da Xunta de Galicia sobre o Sistema de Arquivos de Galicia. É o órgano de dirección do Sistema de Arquivos de Galicia ao que lle corresponde a elaboración de programas arquivísticos e plans sobre formación permanente dos profesionais do Sistema de Arquivos de Galicia.

O artigo 37 establece a necesidade de arquivos de xestión e centrais en cada órgano da Administración da Comunidade Autónoma, así como nos órganos de dirección e administración do resto de entidades de organismos autónomos, axencias de dereito público ou privado, sociedades do sector público autonómico, fundacións do sector público galego, corporacións de dereito público con sede en Galicia, os arquivos xerais territoriais, o arquivo do Reino de Galicia, e os arquivos históricos provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra e o Arquivo de Galicia. Ademais existirán arquivos centrais en cada consellería e opcionalmente un arquivo xeral territorial en cada xefatura e tamén nos organismos con personalidade xurídica propia. En cada arquivo central existirá unha persoa do corpo facultativo superior de arquivos, segundo o plan da disposición transitoria segunda, igual que en cada arquivo xeral territorial, no arquivo do Reino de Galicia, a fronte dos arquivos históricos provinciais e á fronte so Arquivo de Galicia. No tocante aos arquivos de concellos e deputacións os primeiros poden contratar mancomunadamente unha persoa arquivista ou máis para dar servizo a



todos os concellos integrantes a mancomunidade, e as segundas terán que ter á fronte unha arquivreira con titulación universitaria.

A Lei de arquivos e documentos estrutura o Sistema de arquivos da Xunta de Galicia, para garantir a custodia e acceso á información que en aras da transparencia e bo goberno, e un axeitado control por parte da cidadanía son o xerme das sociedades democráticas, así como a custodia do patrimonio cultural que en si mesmos se converten os documentos, idiosincrasia e cultura dun pobo. No ano 2014 iniciouse o Plan de transferencias, para a creación das prazas de persoal arquivreiro así como a redución de gastos en custodias externalizadas, segundo resposta dada por a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en resposta a unha pregunta de En Marea sobre o cumprimento desta lei 7/2014 e a equiparación das condicións económicas do persoal de arquivos da Xunta cos de outras institucións arquivísticas galegas e de España. Nela maniféstase que no tocante ao aspecto económico a remuneración salarial é inferior debido aos niveis mínimos do grupo A1 e A2. A Xunta de Galicia oculta que os niveis de ditos persoal está no nivel 16 para o grupo A2 cando noutras Relacións de Postos de Trballo esta sitúase no nivel 18 ou 20. Tamén é certo que as retribucións se establecen en función dos complementos, e non é menos certo que os complementos de destino son inferiores aos de outros profesionais coa mesma cualificación e desenvolvendo as mesmas tarefas co que se produce unha situación de desigualdade que hai que corrixir.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI** para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Convocar unha oferta de emprego público de persoal de arquivos que se levan amortizadas en arquivos, bibliotecas, e nomeadamente a creación de todas aquelas prazas para a existencia de arquivos en todas as consellerías, entidades, axencias, etc.. recollidas na Lei 7/2014 e que inda están por crear.
2. Convocar todas aquelas prazas de persoal de arquivos segundo se establece na lei 7/2014, con expresa mención do temario para concorrer a cada posto de traballo así como a posibilidade de facer carreira dentro da profesión de persoal arquiteira.
3. Corrixir a situación de desigualdade laboral e económica do persoal de arquivística de Galicia, establecendo os mesmos complementos de destino e específicos para todo o persoal de arquiteiras.
4. Realizar unha Relación de Postos de Traballo equivalente á do persoal de arquivística do Estado en condicións de igualdade e sen cambios de circunstancias nas condicións laborais que impliquen unha maior penosidade na realización das mesmas tarefas.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**



**Luis Villares Naveira na data 14/03/2018 13:44:15**

**Carmen Santos Queiruga na data 14/03/2018 13:44:23**

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a través dos seus deputados **Luís Villares Naveira e Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento desta Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os persoal informático da Xunta de Galicia, mediante acordo do Consello da Xunta do ano 1993, que se aplica a funcional laboral fixo, interino, funcionarios, laboral temporal e laboral indefinido non fixo equipara salarialmente o persoal laboral temporal informático co persoal funcionario.”

Dito acordo o que fixo foi homologar a percepción salarial dos diferentes grupos e entre persoal laboral e persoal funcionario, que en realidade viñan facendo as mesmas funcións, para diferentes consellerías.

A realidade ben diferente é que dependendo das consellerías existe un complemento que se cobra ou que non, sen máis criterio que a arbitrariedade.

No ano 2007 as categorías de persoal laboral temporal e laboral indefinido non fixo a través da Disposición Transitoria Décima do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, obtiveron o recoñecemento dunha equiparación que xa se producira nalgúns casos pola vía xudicial, e consolidaron os postos de traballo.

Desde o ano 2012 todo o persoal informático refundiuse nunha única axencia: a AMTEGA, Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, dependente



da Presidencia da Xunta de Galicia, que fai diferenzas salariais entre este persoal informático que realiza as mesmas funcións.

Unhas 30 persoas atópanse na mesma situación por ser persoal laboral temporal informático, que tampouco teñen recoñecida esta situación, e que inda sofren unha discriminación laboral maior.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI** para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a :

- 1.- Asegurar que o Amtega equipare o persoal laboral temporal informático que sofre a mesma discriminación salarial mediante a oportuna previsión orzamentaria.
- 2.- Prever nos orzamentos as cantidades correspondente para os vindeiros anos, incluído no presente 2018.
- 3.- Aboar os atrasos aos que haxa lugar.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.





**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 14/03/2018 13:52:20**

**Carmen Santos Queiruga na data 14/03/2018 13:52:29**

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### Exposición de motivos

O informe “Por unha alianza do sector industrial galego: 50 propostas”, realizado polo Consello Económico e Social de Galicia, recolle propostas relacionadas co medio ambiente e a eficiencia enerxética. En concreto, os datos que manexa (os últimos publicados pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio) son os seguintes: no ano 2014, a xeración de residuos industriais na nosa Comunidade foi de máis de 2,4 millóns de toneladas, resultando un 20 % máis do valor do obxectivo marcado pola Estratexia Europea 2020. Así mesmo, as emisións de gases de efecto invernadoiro (segundo datos oficiais da mesma Consellería e relativos a 2015) foi de máis de 1,7 millóns de quilotoneladas, é dicir, un 10 % máis do obxectivo europeo.

O anterior evidencia, segundo o propio CES, que é preciso estimular a desmaterialización e a descarbonización das operacións industriais, impulsando unha actividade industrial máis sostible, de xeito que o crecemento económico non vaia aparelado a un maior impacto ambiental.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, nesta ano 2018, deseñe unha nova normativa que estimule ás empresas:

1. A usar enerxías máis limpas, que reduzan as emisións de CO2 á atmosfera e os custos enerxéticos.

 Grupo Parlamentario

2. E a consumir menos recursos, avanzando cara a unha estratexia de reutilización dos residuos e refugallos derivados dos procesos industriais.

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Abel Losada Álvarez  
Raúl Fernández Fernández  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 14/03/2018 19:10:07**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 14/03/2018 19:10:13**

**Raúl Fernández Fernández na data 14/03/2018 19:10:18**

**María Luisa Pierres López na data 14/03/2018 19:10:24**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/03/2018 19:15:46**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.****

### Exposición de motivos

As costas galegas arrastran unha longa historia de contaminación. O Prestige é o caso máis simbólico das últimas décadas, pero, por desgraza, non é o único fito negro recente. Hai outros que, ademais, contan co agravante de ter sido deliberados.

Durante décadas, oito países europeos verteron residuos nucleares preto da nosa terra. Entre 1949 e 1982, Gran Bretaña, Bélxica, Holanda, Francia, Suíza, Suecia, Alemaña e Italia desfixéronse dunhas 140.000 toneladas de material contaminante na Fosa Atlántica. Empregaron para elo bidóns de aceiro e formigón que non estaban deseñados para conter indefinidamente os residuos. Algúns dos vertidos, como os británicos de 1964, permanecen a só 200 quilómetros de Asturias. Na actualidade, ninguén parece estar vixiándoos.

O Organismo Internacional da Enerxía Atómica (OIEA), que considera os residuos de baixa intensidade, asegura que non é a súa competencia vixiar o seu estado. A Organización Marítima Internacional (IMO) entende que o control das verteduras lle atinxe á OIEA e á OSPAR, unha organización creada por diversos gobernos europeos e a propia Unión Europea co obxecto de protexer o medio ambiente mariño no Atlántico nororiental. Porén, a OSPAR nin sequera sabe cando se realizou o último estudo sobre os bidóns radioactivos ou cando se



realizará o próximo. Mentres tanto, o Estado español limítase a botar balóns fóra dicindo que non é a súa competencia. Ao parecer, protexer a saúde dos españois e o medio ambiente non forma parte das súas atribucións.

É obvio que os vertidos de residuos nucleares precisan dun control constante, xa que os riscos que entrañan non desaparecen co paso do tempo. Non obstante, a Comisión Europea declarou recentemente que non ten coñecemento de que existan novos estudos científicos sobre o estado actual dos residuos radioactivos. As institucións internacionais e estatais non os supervisan de facto.

Este ano remata a moratoria que entrou en vigor no ano 1994 e que prohibía continuar vertendo na costa atlántica estes residuos radioactivos, foran ou non de baixa intensidade. A moratoria contemplaba a realización dun estudo científico antes de febreiro de 2019 para avaliar as consecuencias dos vertidos masivos. O estudo, que tería que estar encabezado polos países da Convención de Londres e a Organización Marítima Internacional, ía ser o documento que permitiría decidir acerca da pertinencia de revalidar a moratoria. Non obstante, nin se levou a cabo o estudo ni parece que se vaia a facer. En vez diso, substituíuse por un dossier de literatura científica sobre o acontecido.

Tendo en conta a gravidade do asunto, non basta con meras especulacións ao respecto. Precisamos ter a certeza de que a moratoria vaise manter.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

-Defender a prórroga da moratoria que impide verter residuos na costa atlántica.



-Instar ao Goberno do Estado a adoptar a mesma posición.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando,  
Deputado do G.P. de En Marea.

Asdo.: Antón Sánchez García  
Voceiro s. do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 14/03/2018 19:24:49**

**Antón Sánchez García na data 14/03/2018 19:24:59**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á falta de transparencia e información por parte do goberno galego a respecto da concesión de subvencións a empresas do sector da automoción.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Bloque Nacionalista Galego ten denunciado repetidamente a falta de transparencia e información por parte do goberno galego a respecto dos recursos que destina a empresas do sector da automoción e a necesidade de informar sobre as mesmas para avaliar a repercusión que teñen na fixación de emprego e tecido empresarial nun contexto de forte deslocalización cara outros centros de produción, como é o norte de Portugal.

Neste sentido, comezada a X lexislatura este Grupo Parlamentar reiterou tres solicitudes de información concreta, rexistrando en outubro de 2016 preguntas orais e escritas así como un artigo 9 relativos a coñecer as contías exactas de determinadas empresas, de habelas, por non poder atopar esa información mediante os mecanismos públicos. Porén, máis de ano e medio despois e malia as peticións verbalizadas no curso da resposta ás nosas preguntas orais, non recibimos resposta, obstaculizando o noso traballo parlamentar e a nosa labor de oposición. .



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza a remitir aos grupos parlamentares no prazo dun mes un informe desagregado sobre as axudas, subvencións e convenios de colaboración que estableceu a Xunta de Galiza, se é o caso, coas seguintes empresas, desde o ano 2009:

ALUDEC S.A.

ALYMOSA

BENTELER AUTOMOTIVE VIGO S.L.

BORGWARNER EMISSIONS SYSTEMS SPAIN S.L.

CABLERIAS AUTO S.L.

CENTRO TECNOLOGICO DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA -  
FUNDACION CETAG

CENTRO TECNOLOGICO GRUPO COPO S.L.

COMPONENTES DE VEHICULOS

COPO GALICIA SLU

COPO IBERICA S.A.

DENSO SISTEMAS TERMICOS ESPAÑA S.A.

FAURECIA ASIENTOS DE GALICIA S.A.

FAURECIA ATUOMOTIVE ESPAÑA S.A.

FAURECIA INTERIOR SYSTEMS ESPAÑA S.A.

FAURECIA SISTEMAS DE ESCAPE S.A.

GESTAMP VIGO S.A.

GKN DRIVELINE VIGO S.A.

GRUPO ANTOLIN PGA S.A.

GRUPO ANTOLIN VIGO S.A.

MAIER FERROPLAST, SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/03/2018 12:30**  
**Nº Rexistro: 27963**  
Data envío: 15/03/2018 12:30:20.091

MARSAN TRANSFORMACIONES SUPERFICIALES.

MC SYNCRO

MEGATECH INDUSTRIES OURENSE S.L.

MGI COUTIER ESPAÑA S.L.

PLASTIC OMNIUM AUTO INERGY SPAIN S.A.

PLASTIC OMNIUM COMPONENTES EXTERIORES S.L.

PSA PEUGEOT CITROEN

REYDEL AUTOMOTIVE SPAIN S.L.

SNOP ESTAMPACION S.A.

TB SPAIN INJECTION S.L. (TBSI)

TI GROUP AUTOMOTIVE SYSTEMS S.A.

TREVES GALIZA, SLU

VIZA AUTOMOCION SAU

ZF TRW ACTIVE & PASSIVE SAFETY TECHNOLOGY OSS

(OCCUPANT SAFETY SYSTEMS).”

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/03/2018 12:30**  
**Nº Rexistro: 27963**

Data envío: 15/03/2018 12:30:20.091

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/03/2018 11:45:56**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/03/2018 11:46:06**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/03/2018 11:46:17**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 15/03/2018 11:46:19**

**Olalla Rodil Fernández na data 15/03/2018 11:46:21**

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/03/2018 11:46:23**

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Francisco Casal Vidal e Davide Rodríguez Estévez** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á proposta para que a Axencia Galega de Turismo desenvolva plantacións de especies frondosas autóctonas nas marxes do Camiño de Santiago.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os entornos do Camiño de Santiago veñen de sufrir moitas agresións ambientais, patrimoniais e paisaxísticas e, dado que é unha das máis fortes imaxes de marca do noso País e gran xeradora de posibilidades económicas nas zonas polas que transcorre, debería de ser unha máxima prioridade a súa protección e potenciación.

Unha das máis importantes accións a poder desenvolver e potenciar é a mellora paisaxística e medio ambiental e a biodiversidade dos entornos do Camiño.

O Plan Director e Estratéxico do Camiño de Santiago 2015-2021 ten dentro dos seus obxectivos protexer e preservar o Camiño para garantir a pervivencia da súa identidade e a posta en valor do seu patrimonio cultural e natural.

Na súa liña estratéxica nº 4 establece que se deberán desenvolver plans de accións para acadar un Camiño sostible levando a cabo actuacións de conservación e mellora no entorno natural e paisaxístico.

Por todo elo consideramos que a Axencia de Turismo de Galicia e a S.A. de Xestión do Camiño de Santiago enmarcado nos proxectos cara ao Ano Santo



Xacobeo de 2021 debería desenvolver unha acción para estudar e poñer en marcha plantacións de frondosas autóctonas nas marxes do camiño.

Esta actuación debería implicar e ter en conta para o seu desenvolvemento a toda a industria forestal de Galicia, escolas forestais universitarias, centros educativos das zonas polas que percorre o Camiño, asociacións de defensa da natureza, etc. nun obxectivo de facer pedagogía da cultura forestal sostible e dos valores dos bosques de Galicia.

Ante todo o exposto, e considerando que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin, En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Desenvolver, a través da Axencia de Turismo de Galicia, un proxecto para estudar e poñer en marcha plantacións de frondosas autóctonas nas marxes do Camiño de Santiago.
- 2.- Establecer franxas de protección entorno ao Camiño nas que non se poderían plantar especies alóctonas.
- 3.- Implicar neste proxecto a toda a industria forestal de Galicia, escolas forestais universitarias, centros educativos das zonas polas que percorre o Camiño, asociacións de defensa da natureza, etc.
- 4.- Desenvolver pezas didácticas sobre cultura e patrimonio forestal destinadas aos peregrinos, así como, información sobre as especies e ecosistemas que rodean ao Camiño de Santiago.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2018.



Asdo.: Francisco Casal Vidal,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Davide Rodríguez Estévez,

Voceiro do G.P. de En Marea.

Paula Quinteiro Araujo

Deputados e deputada do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 15/03/2018 12:39:42**

**David Rodríguez Estévez na data 15/03/2018 12:39:53**

**Paula Quinteiro Araújo na data 15/03/2018 12:40:00**

**Luis Villares Naveira na data 15/03/2018 12:40:17**

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, M<sup>a</sup> Dolores Toja Suárez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### Exposición de motivos

O servizo público da xustiza é vital para a vertebración do estado social e democrático de dereito. Necesitamos unha Administración de xustiza moderna, esencial para consolidar o estado de dereito e mellorar a calidade da nosa democracia. A xustiza ten moito que dicir na loita contra a violencia machista, unha das peores lacras da nosa sociedade que, lonxe de se reducir, repunta. A pesares de que Galicia rexistrou 6436 denuncias por violencia de xénero en 2017 (un 13,3 % máis que en 2016), só hai 2 xulgados específicos de violencia contra a muller, en Vigo e en A Coruña.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista cremos que garantir a protección das vítimas e atendelas como corresponde nas dependencias xudiciais debe ser cuestión prioritaria, tal e como recolle especificamente a Lei orgánica de 2004. Segundo datos do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do *CGPJ*, un 73 % dos asasinatos ocorren en poboacións inferiores a 100 000 habitantes, o que alerta de que a *”ruralidade”* é un factor de vulnerabilidade que se debe ter en conta nas políticas integrais. Considerando a dispersión e envellecemento da poboación en Galicia, calquera achegamento dos recursos dos xulgados específicos aos domicilios das posibles vítimas resultará útil, por iso entendemos que, ademais da necesidade de ampliar o número de xulgados de violencia contra a muller, a comarcalización dalgúns servizos propios destes xulgados específicos e que existen só nos partidos xudiciais de dúas cidades galegas sería unha boa solución.

**Grupo Parlamentario**

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado a comarcalización dos servizos do Imelga (especialmente as Unidades de Valoración Forense), as Oficinas de Atención ás Vítimas e a Policía Xudicial, de xeito consensuado coa Comisión Mixta que existe co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
María Luisa Pierres López  
M<sup>a</sup> Dolores Toja Suárez  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 15/03/2018 13:46:24**

**María Luisa Pierres López na data 15/03/2018 13:46:30**

**María Dolores Toja Suárez na data 15/03/2018 13:46:35**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/03/2018 13:46:39**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/03/2018 13:46:44**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/03/2018 13:46:46**

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Manuel Díaz Villoslada**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### Exposición de motivos

O 8 de marzo do 2018 pasará á historia por converterse nalgo máis que un simple día de conmemoración dunha data histórica e reivindicativa da igualdade real de mulleres e homes.

Ese algo máis viuse nas rúas de toda Galicia, así como de todo o país. A saída masiva de mulleres acompañadas de moitos homes ten significado un antes e un despois na loita feminista.

Unha clara reivindicación das mulleres para que todas as desigualdades que viven respecto ós homes sexan atalladas de urxencia, converténdose nunha prioridade na folla de ruta deste goberno.

As mulleres de hoxe non queren que esta situación se perpetúe, non son para elas, senón para todas as mulleres do futuro. Ese futuro que se prevé igualitario nun horizonte de 100 anos.

100 anos, que se traducen na condena das mulleres do presente a ter peores pensións que os homes, por non cotizar o mesmo, por ter que renunciar a unha mesma carreira laboral, penalizadas por ser nais, por ser fillas, por querer chegar ás mesmas cotas que os homes, pero con moito máis esforzo que eles..

Sabemos que a discriminación, a desigualdade e o patriarcado seguen estando presentes na sociedade española de hoxe en día. É un problema que ten ido en aumento, ao non terse posto en marcha medidas por



## Grupo Parlamentario

parte do Goberno para acabar con elas. De aí o retroceso significativo en combater e erradicar a violencia de xénero, incompatible coa democracia. A violencia machista segue medrando, tamén as mulleres asasinadas e as súas fillas e fillos, vítimas todas dos maltratadores.

A Subcomisión para un Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero é un bo paso, pero non suficiente. Hai que previr e garantir a formación en igualdade en todos os ciclos formativos entre as e os mozos. Sen embargo, o Goberno ten suprimido este ano as subvencións ás universidades para a formación en igualdade, así como os plans de igualdade nas pequenas e medianas empresas. Só educando en igualdade, poderemos vivir en igualdade.

Recortes drásticos en políticas de igualdade cuxo resultado é o empobrecemento das mulleres, sobre todo das máis vulnerables e que ten levado á feminización da pobreza.

A reforma laboral está prexudicando máis ás mulleres polo reparto desigual do emprego no mercado laboral, pola precariedade e a temporalidade laboral e o emprego a tempo parcial, que conlevan un significativo recorte na prestación por desemprego. De aí que a pensión media que reciben as mulleres en Galicia sexa un 38 % máis baixa que a dos homes, porque os salarios que teñen as mulleres son un 22,3 % menos de media. I é que a fenda de xénero de por sí xa importante, tense incrementado nos últimos anos.

As taxas de ocupación e actividade femininas son 8 e 9 puntos inferiores á dos homes galegos.

Tan só o 3,4 % da poboación ocupada feminina traballa en postos de Dirección ou Xerencia, fronte ao 6,4 % no caso dos homes. En Galicia son 27 mil varóns, por 12 mil mulleres, menos da metade, cunha diferenza que case non variou nos últimos anos.

En 2017 1.078 mulleres acolléronse a algún tipo de excedencia nos seus traballos para pasar máis tempo cos seus fillos e fillas. En cambio, foron só 132 homes. De igual xeito, en 2017 só 293 parellas galegas

## Grupo Parlamentario

compartiron o permiso por maternidade para o coidado de recentemente nados, pouco máis do 2 % do total.

Máis do 20% das asalariadas galegas traballan a tempo parcial, mentres a porcentaxe de emprego a tempo parcial é inferior ao 6 % no caso dos homes. Unha parte importante deste emprego parcial non é desexado, senón obrigado. 22.500 mulleres galegas afirman traballar a tempo parcial para o coidado de nenos/as e dependentes e outras obrigas familiares, mentres que só o fan por este motivo 1.100 homes

A inactividade das mulleres por ter outras responsabilidades familiares ou persoais e polo coidado de nenos/as ou de persoas adultas enfermas, discapacitadas ou maiores, dista moito da masculina por estas mesmas razóns. Por exemplo, mentres o 4,8 % das mulleres que non traballan declaran non buscar un emprego para coidar dalgún familiar, apenas o 0,6 % dos homes sinala que este é o motivo.

Por outro lado a falta de control de cumprimento da Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes por parte da administración e empresas, ten provocado índices tan baixos como que só o 10 % das empresas con máis de 250 persoas traballadoras teñan implantado plans de igualdade, e o 80 % das empresas públicas non conta co mínimo do 40 % de mulleres nos seus consellos de administración.

Todas estas razóns levan a que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, consciente da urxencia de tomar medidas efectivas en pro da igualdade, e de facelo xa, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Levar a cabo as accións necesarias para acadar a necesaria equiparación na duración dos permisos de maternidade e paternidade do persoal público ao servizo da Administración autonómica a 20 semanas, independentemente do seu sexo, remunerándoos ao 100 % e sen posibilidade de facelos transferibles entre os dous membros da parella.

2. Remitir un informe sobre o estado de cumprimento das empresas e entidades con participación das empresas e entidades de participación públicas galegas e suxeitas ás obrigas marcadas polos artigos 45 e 75da *Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes*.
3. Aprobar e presentar na Cámara galega, de acordo ao art. 142 do seu Regulamento e no actual período de sesións, o *Plan de igualdade da Administración xeral e do sector público autonómico galego*, e no cal, entre outras medidas, deberá conter a necesaria equiparación na duración dos permisos de maternidade e paternidade de acordo ao establecido no punto 1, así como as previsións para a posta en marcha, de modo urxente, de medidas para asegurar a presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos colexiados das entidades que conforman o sector público autonómico.
4. Velar polo cumprimento efectivo da *Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes* por parte da administración e empresas, e neste sentido deberá poñer en marcha medidas de incentivo, impulso e axuda para a implementación dos plans de igualdade nas empresas de máis de 250 traballadores e traballadoras, facilitando o cumprimento do seu artigo 45.
5. Garantir a igualdade de mulleres e homes no acceso, mantemento e promoción no emprego, e neste sentido impulsar a incorporación e promoción das mulleres en traballos emerxentes no novo modelo produtivo; e revisar todas as normas relativas aos permisos parentais para evitar que a neutralidade na súa formulación impulse que sexan maioritariamente as mulleres os que gocen deles, avanzando cara ao concepto de coresponsabilidade na asunción das responsabilidades familiares.
6. Demandar do Goberno do Estado:

 Grupo Parlamentario

- a) A existencia dunha dotación orzamentaria suficiente para a posta en práctica inmediata de todas as medidas contempladas no Pacto de Estado para a Violencia de Xénero, e especialmente para as medidas número 3 e 183 , onde se fai mención a posta en marcha de medidas dentro do ámbito educativo para a prevención, e detección das violencias sexuais, incidindo na educación afectivo-sexual obrigatoria en todos os niveis educativos.
- b) Acadar a equiparación dos permisos de maternidade e paternidade a 20 semanas, de todas as traballadoras e traballadores, remunerándoos ao 100 % e con carácter intransferible.
- c) Promover a modificación da lexislación de igualdade para incluír sancións en caso de incumprimento que consigan reforzar a representación equilibrada entre homes e mulleres en todos os órganos e institucións do sector público e en todos os niveis de representación pública, así como nos órganos de decisión e dirección colexiados de empresas u organizacións do ámbito privado.

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López  
María Dolores Toja Suárez  
Noela Blanco Rodríguez  
Patricia Vilán Lorenzo  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 15/03/2018 13:54:04**

**María Dolores Toja Suárez na data 15/03/2018 13:54:09**

**Noela Blanco Rodríguez na data 15/03/2018 13:54:17**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 15/03/2018 13:54:24**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/03/2018 13:54:29**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/03/2018 13:54:32**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/03/2018 13:54:35**

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, relativa á edición de libros en galego

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Na última década a edición de libros en lingua galega caeu un 33,6%. Só as obras en vasco experimentaron un descenso máis pronunciado (un 34,6%), segundo apunta o informe do Instituto Nacional de Estatística *Producción editorial de libros*, que recolle datos ata 2016.

Así, mentres que fai dez anos superábase o milleiro de libros e folletos en lingua galega (1.472), agora estamos por debaixo dos 1.000. A tendencia é claramente á baixa e continúa ata hoxe. Nos últimos 12 meses estudados pasouse das 1.120 obras en galego ás 976, o que supón un descenso do 12,8%.

Os datos tamén son malos cando se repara nas publicacións bilingües. No 2016 houbo 269 libros en euskera e castelán, 266 en catalán e castelán e 140 en valenciano e castelán. Pola contra, só houbo 84 libros en galego e castelán, o que, como é lóxico, dificulta dar a coñecer a nosa lingua no resto do territorio do Estado.

Pero o dato máis preocupante é outro. O galego é a cuarta lingua en porcentaxe de libros infantís e xuvenís sobre o total do publicado. O euskera conta cun 34,7%, o valenciano cun 27,4% e o catalán cun 24%. En galego, en cambio, só se pública un 19,9% de obras dirixidas a poboación máis nova. Trátase dun



problema serio, xa que é a xente moza a que máis de lado está deixando o noso idioma. Así o advirte un traballo recente da Real Academia Galega titulado *Lingua e sociedade en Galicia*. Nas súas palabras, alerta dunha “crecente ruptura da transmisión interxeracional e duns usos minguentes do galego por parte da xente máis nova, especialmente nos ámbitos urbanos e periurbanos”.

Na investigación sinálase que o precario uso do galego entre os mozos e mozas non se debe tanto ao idioma empregado polas súas familias como a súa escasa presenza no espazo escolar e nos contextos urbanos de interacción social. Segundo as estatísticas da Mesa pola Normalización Lingüística, o 40% dos centros de Educación Infantil das cidades non recorren nunca ao galego.

Este fenómeno obsérvase mellor se distinguimos o que acontece en tres grupos de idade, tal e como fai o informe da RAG. As persoas de máis de 40 anos están a abandonar o monolingüismo galego a favor de prácticas bilingües funcionais e do maior uso do castelán. As persoas con idades comprendidas entre os 20 e os 40 anos presentan unha situación sociolingüística estable. Por último, as persoas máis novas, que teñen entre 5 e 20 anos, protagonizan un fenómeno de desgaleguización notable que, a diferenza do que sucede no primeiro grupo de idade mencionado, escórase cara un uso monolingüe do castelán. Por todo isto, non é de estrañar que mentres o 75% da poboación galega de máis de 75 anos fala maioritariamente en galego, só o 30% dos menores de 20 exprésanse no noso idioma, o que supón unha diferenza de 45 puntos porcentuais.

Os presente datos son a razón pola cal a escasa publicación de libros en galego dirixidos a poboación máis nova supón un problema serio para o noso idioma. O único xeito de que os mozos e mozas continúen empregando o galego é facelo accesible a través de tódolos medios a nosa disposición e, dende logo, a través das obras escritas.



Por todo isto, o grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte  
Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno Galego a deseñar un plan de  
axudas orientado a incrementar a edición de libros en galego e, en  
particular, a edición de libros destinados a poboación máis nova.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,                      Asdo.:Luís Villares Naveira  
Luca Chao Pérez,                                      Voceiro do G.P. de En Marea  
Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 15/03/2018 16:40:56**

**Luca Chao Pérez na data 15/03/2018 16:41:04**

**Luis Villares Naveira na data 15/03/2018 16:41:21**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Eva Solla Fernández, Paula Vázquez Verao e Paula Quinteiro Araújo** e do seu deputado **Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A endometriose é unha enfermidade benigna, crónica, que afecta ás mulleres en idade reprodutiva e que consiste na presenza de tecido endometrial fóra das paredes do útero (pelve, intestinos, vexiga...). Este tecido endometrial extrauterino responde ás hormonas femininas ao igual que o uterino, pero ao non ser expulsado coa menstruación, provoca nódulos, endometriomas e adherencias a órganos como vexiga e intestinos, provocando dor crónica e, en moitos casos, infertilidade.

Así, trátase dunha patoloxía que condiciona a calidade de vida das mulleres en moitos aspectos, xa que afecta a múltiples sistemas do corpo. Os problemas máis frecuentes son os sexuais (dismenorrea e dispareunia) e os reprodutivos (causando infertilidade de non tratarse a tempo).

Un dos problemas é que esta patoloxía tarda moito en ser diagnosticada, unha media de oito anos, debido a que o sufrimento da muller na menstruación está moi normalizado, polo que unha porcentaxe importante das afectadas non é diagnosticada ata chegar ás fases máis avanzadas da enfermidade, obrigando a



milleiros de mozas a padecer dores que complican a súa vida antes de obter un diagnóstico.

Segundo o Dr. Francisco Estévez, un dos que máis traballa con esta doenza en Galiza, “é unha doenza benigna, pero ás veces compórtase como un tumor, estendéndose e reproducíndose en diferentes zonas. A dor é tan forte que, ás veces, é preciso recorrer á morfina e outros opiáceos. A dor aparece durante a menstruación, durante as relacións sexuais, cando se defeca ou se ouriña, podendo chegar a ser incapacitante para levar unha vida normal”. A intensidade da dor é tal que chega a causar problemas psicolóxicos, polo que é habitual que ademais as doentes deban tomar ansiolíticos e antidepressivos.

Ademais da dor, a endometriose é unha das principais causas de infertilidade, afectando a unha de cada catro mulleres que padecen esta doenza.

A endometriose non ten un tratamento efectivo nin existen medidas paliativas eficaces, polo que o diagnóstico precoz é primordial para frear o avance da enfermidade e diminuír as posibilidades de que afecte tanto aos órganos reprodutivos como ao resto de órganos.

A endometriose pode cualificarse como epidemia oculta, pois aínda afectando a unha importante porcentaxe de mulleres, segue estando invisibilizada. Segundo os estudos, a endometriose afecta ao 10% das mulleres en idade fértil (o 15% delas en formas graves), aumentando a cifra ata un 40-50% nas mulleres con problemas de fertilidade. De se confirmar este dato, en Galicia habería máis de 60.000 mulleres afectadas por endometriose, das cales o 15% teñen formas severas da doenza, o que suporía arredor das 9.000 mulleres.

O tratamento actualmente pode ser a través de analxesia, antiinflamatorios e anticonceptivos combinados, ou cirúrxico para eliminar as lesións internas, aínda que a súa efectividade é limitada, xa que entre un 25% e un 50% das mulleres operadas sofren recidivas nun prazo de catro anos.

A pesar da alta incidencia da enfermidade e de que supón un gasto anual duns 60.000 millóns de euros a investigación sobre a endometriose é case anecdótica, porque é un exemplo da falta de perspectiva de xénero na ciencia médica e na saúde, e da escasa investigación en moitas enfermidades que afectan ás mulleres.

Ante esta situación sanitaria e social que tanta dor física e psicolóxica está causando en 60.000 mulleres galegas, e a pesar que en abril de 2015, a Comisión de Sanidade do Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade unha Proposición non de lei que comprometía ao goberno a mellorar a situación das mulleres afectadas por endometriose. Hoxe, en Galicia, hai equipas xinecolóxicas no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, no CHUAC de A Coruña e no CHOU de Ourense que atenden de forma específica ás afectadas, pero aínda non existe unha unidade multidisciplinar que reúna a especialistas en xinecoloxía, uroloxía, gastroenteroloxía, psicoloxía ou psiquiatría, que cubran todas os aspectos clínicos da enfermidade.

A falta destas equipas profesionais específicas en endometriose provoca que milleiros de galegas padezan dor crónica durante anos sen diagnóstico e que cando o teñan deban esperar meses para acceder ás consultas de reprodución asistida, meses de duros tratamentos hormonais e, se non se produce o embarazo, unha longa lista de espera ata que poden acceder á fecundación *in vitro*. Esta dilación no diagnóstico e no acceso ás técnicas de fecundación asistida provoca que moitas galegas se vexan obrigadas a renunciar á maternidade, co drama persoal e ademais social que iso representa en Galiza.

A iniciativa aprobada decía o seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia e, en particular, a Consellería de Sanidade, a:

1. Difundir a Guía de cuidados a mulleres con endometriose publicada polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, entre os profesionais e as profesionais sanitarias que atenden a estas mulleres (persoal de xinecoloxía, persoal de medicina en atención primaria, persoal de enfermaría, matronas e matrones...) co fin de mellorar a atención que reciben as enfermas con endometriose.
2. Crear un grupo de traballo multidisciplinar no prazo de seis meses para avaliar a posibilidade de poñer en marcha un Plan de detección precoz da endometriose.
3. Crear un grupo de traballo multidisciplinar no prazo de seis meses para avaliar a posibilidade de levar a cabo a de unidades de endometriose especializadas e multidisciplinares nos hospitais públicos de Galicia.
4. Crear un grupo de traballo multidisciplinar no prazo de seis meses para avaliar a posibilidade de facilitar as derivacións das pacientes con endometriose grao IV a unidades especializadas, incluíndo outras áreas sanitarias (mesmo fóra de Galicia) mentres non as haxa na área propia da doente ou as existentes non poidan asumir todos os casos.
5. Fomentar o coñecemento da doenza por parte das mulleres en idade fértil e de maneira singular entre as menores de 25 anos.
6. Transmitir aos Institutos de Investigación Sanitaria de Galicia a necesidade de fomentar a investigación sobre a endometriose”.



Hoxe en día moitos destes acordos continúan sen desenvolverse, e é imprescindible que poñamos en marcha todas as ferramentas para dar resposta as mulleres afectadas.

Por todo o anterior exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver de inmediato todas as medidas aprobadas por unanimidade o 22 de abril do ano 2015, na Comisión de Sanidade, relacionadas coa endometriose.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Paula Vázquez Verao

Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**



**Eva Solla Fernández na data 15/03/2018 16:39:46**

**Paula Vázquez Verao na data 15/03/2018 16:39:54**

**Paula Quinteiro Araújo na data 15/03/2018 16:39:57**

**Marcos Cal Ogando na data 15/03/2018 16:40:07**

**Luis Villares Naveira na data 15/03/2018 16:40:14**

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados e deputada Juan José Merlo Lorenzo, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos

Con data do 12 de Xaneiro de 2018 o Diario Oficial de Galicia publicou a primeira convocatoria dun concurso público polo cal a Administración autonómica propónse adquirir inmobles en estado de abandono, ou semiabandono, en centros históricos para rehabilitalos e devolvelos ao mercado a través do aluguer ou a venda, pero cun filtro social similar ao que se aplica nas novas promocións construídas para este fin nas últimas décadas.

O cambio climático, a dependencia cada día maior da enerxía eléctrica e o encarecemento da tarifa eléctrica evidencia a necesidade de crear un Plan Nacional de rehabilitación de vivendas para as máis de 3500 vivendas de promoción pública que forman parte do parque de vivendas da Xunta de Galicia.

Un Plan de aplicación ás mesmas e extensible ao resto de vivendas particulares de Galicia por medio de campañas e subvencións.

Á marxe da necesidade desta medida, dende o punto de vista do cambio climático, están os beneficios sociais e económicos que reportará:

- Por unha banda o do evidente aforro para a administración e os usuarios, minimizando o impacto nas economías domésticas (especialmente ás dos beneficiarios destas vivendas) desa abusiva tarifa eléctrica e reducindo, por tanto,



os riscos de pobreza enerxética que unha gran parte da poboación padece ou se expón a sufrir vendo a evolución do consumo e o prezo do quilowatt hora.

- Por outra banda, reducir a necesidade de xeración de electricidade e avanzar nun modelo no que podamos eliminar as emisións de CO2 á atmosfera.

Por todo ou dito, ou Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Elaborar un Plan Nacional de Rehabilitación de Vivendas de protección oficial extensible ás vivendas particulares co obxectivo da eficiencia enerxética en iluminación, auga quente sanitaria, calefacción e illamento térmico, eliminando ou minimizando ao máximo, a utilización de enerxías fósiles con emisións de CO2.

- Avaliar os proxectos de nova planta con criterios de arquitectura bioclimática e telo en conta para conceder os permisos de obra. Establecer nese sentido un prego de condicións técnicas que sexa claro e de obrigado cumprimento.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018.

Asdo.: Juan José Merlo Lorenzo, Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Marcos Cal Ogando,

Voceira s. do G.P. de En Marea

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**





**Juan José Merlo Lorenzo na data 15/03/2018 17:05:23**

**Carmen Santos Queiruga na data 15/03/2018 17:05:29**

**Marcos Cal Ogando na data 15/03/2018 17:05:37**

**Antón Sánchez García na data 15/03/2018 17:05:44**

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas e deputados **Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Marcos Cal Ogando, Antón Sánchez García, Anxeles Cuña Bóveda e Davide Rodríguez Estévez** ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O deterioro e a falta de mantemento das estradas incrementan de forma considerable as posibilidades de accidente. A circulación por estradas en mal estado supón un sobre esforzo, incrementa a fatiga das persoas condutoras, polo tanto un adecuado mantemento e conservación das estradas é fundamental para mellorar a seguridade vial e a prevención de accidentes.

Foi unha constante dende a crise económica de 2008 a falta de mantemento da rede de estradas estatais no noso País, cunha drástica redución orzamentaria que provocou, na práctica, unha marxinación do mantemento en favor das novas construcións.

Sen ter en conta o sobrecusto que supón para os usuarios circular por estradas en mal estado, xa que supón un deterioro maior dos vehículos que por elas transitan, é necesario reformular esta situación para evitar riscos e sobrecustos innecesarios: investir en conservación e aforrar a longo prazo.



En Galicia e na provincia de Lugo existen numerosos exemplos desta falta de mantemento das estradas estatais. Un deles é o lamentable estado da N-540, que une Lugo con Ourense. Trátase dun trazado complexo que non ten recibido apenas investimentos públicos nos últimos anos. En numerosos puntos, a estrada presenta un asfaltado totalmente deteriorado, mesmo nos carrís de incorporación e saída, así como falta de sinalización, sendo unha vía moi transitada, tanto por vehículos convencionais como por camións.

Existen situacións incomprensibles, como sinalizacións de dobre carril que indican que no carril rápido non se pode circular a menos de 70 km/H e sinalizacións xenéricas que limitan a velocidade máxima en todo o tramo a 80 km/h, ou mesmo a 50.

A situación de inseguridade da vía é tal que moitos usuarios optan por trazados alternativos, máis longos, pero que lles producen maior seguridade, como é utilizar a alternativa de Monforte, polo corredor CG-2.2.

O 22 de xuño de 2017, a Comisión de Seguridade Vial do Congreso aprobou unha proposición non de lei de En Marea para que o Ministerio de Fomento efectuase actuacións de reforma e rehabilitación na N-540 este ano nos tramos situados entre Guntín e Ventas de Narón, e no tramo que vai entre Chantada e Taboada, que a día de hoxe están sen realizar.

A veciñanza de Guntín denuncia continuamente a perigosidade da curva situada á saída da localidade e son frecuentes os accidentes que se producen na zona. Tamén en Chantada son habituais as queixas polo lamentábel estado da variante de Chantada, con 7 quilómetros de pavimento desgastado, cada vez máis deteriorado. Mesmo se sinalizou recentemente con sinais de perigo por proxección de grava.

Nunha resposta a En Marea, o Goberno afirmou que na N-540 non se identificou ningún Tramo de Concentración de Accidentes, cando é un área de alta sinistralidade. De feito, en outono de 2015 houbo unha sucesión de accidentes, cunha persoa morta e 11 feridos nun intervalo de 18 días.

Noutra resposta do Congreso a En Marea, o propio Ministerio de Fomento reconece que “na provincia de Lugo, o Ministerio de Fomento ten identificado varios tramos da N-540, nos que o estado do firme aconsella a realización de actuacións”, sen embargo, o Ministerio de Fomento non concreta nin as actuacións concretas a realizar nin os prazos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en **Pleno**.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Dirixirse ao Ministerio de Fomento para esixir unha mellora integral do estado do firme da N-540, así como a remodelación da súa sinalización para mellorar a seguridade viaria no conxunto da vía.
2. Dirixirse ao Ministerio de Fomento para esixir a urxente reforma e rehabilitación da N-540 nos tramos entre Guntín e Ventas de Narón e entre Chantada e Taboada, tal e como acordou a Comisión de Seguridade Vial do Congreso dos Deputados.
3. Dirixirse ao Ministerio de Fomento para esixir a urxente reforma e rehabilitación da N-540 entre A Barrela e Chantada.



Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García,

Anxeles Cuña Bóveda

Davide Rodríguez Estévez,

Deputadas, deputados e Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 15/03/2018 16:59:12**

**Luis Villares Naveira na data 15/03/2018 16:59:19**

**Marcos Cal Ogando na data 15/03/2018 16:59:26**

**Antón Sánchez García na data 15/03/2018 16:59:35**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 15/03/2018 16:59:42**

**David Rodríguez Estévez na data 15/03/2018 16:59:47**

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### Exposición de motivos

En abril de 2012 a Xunta de Galicia pechou o centro de menores Montealegre, situado en Ourense, que acollía a mozos e mozas a partir de 14 anos con importantes problemas de conduta, para segundo afirmou a daquela Consellería de Traballo e Política Social, realizar obras debido a que as instalacións tiñan importantes deficiencias e carencias.

Naquel momento, tanto os traballadores e traballadoras dos centros, os equipos técnicos de menores, a Fiscalía de Menores, a Policía autonómica, e mesmo o Valedor do Pobo, manifestaron que se consideraba un grave erro esta decisión, debido á necesidade deste recurso como resposta ás necesidades específicas destes menores.

O peche do centro de menores de Montealegre obrigou a que moitos destes e destas adolescentes acabaran no de protección ordinaria da Carballeira, mesturando de maneira indiscriminada casuísticas que van dende os problemas de conduta, ao consumo de sustancias tóxicas, ou a presenza dalgún tipo de trastorno psíquico. Esta mestura indiscriminada nunha mesma contorna prexudicou a todos os usuarios e usuarias posto que non se está ofrecendo a atención adecuada ás necesidades de cada un deles, co problema engadido de que ao tratarse dun centro de réxime aberto, as saídas de menores conflictivos e con trastornos de conduta son habituais.

En xuño de 2017 a unha pregunta do Grupo Parlamentario Socialista a respecto deste centro, o Secretario Xeral Técnico da Consellería de Política Social anunciaba a reapertura do centro, seis anos despois do

## Grupo Parlamentario

seu peche, no primeiro semestre do ano 2018, sen aclarar se a xestión do centro ía a seguir sendo pública como ata o de agora ou se ía a proceder a súa privatización.

O 1 de marzo privatizábase a xestión do centro a través da publicación no DOG da *Resolución do 23 de febreiro de 2018 pola que se anuncia a convocatoria pública do procedemento de contratación aberto, polo trámite ordinario, para a adxudicación do contrato de servizos, documentalmente simplificado, suxeito a regulación harmonizada, denominado Xestión e dirección do centro Montealegre en Ourense, para a execución dun programa de acollemento residencial de menores baixo a medida de protección de tutela ou garda da Xunta de Galicia especializado na atención terapéutica para menores con problemas de conduta (24 prazas)*. Segundo se recolle na propia resolución, o contrato sería de como máximo 3,2 millóns de euros ao ano, ata 2020, e con posibilidade de prorrogalo. Para as intervencións no proceso socio-educativo cotián, e a súa avaliación e observación real, non se require estar en posesión da titulación universitaria de Educador ou Educadora Social.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir que o centro de menores de Montealegre vai seguir sendo de xestión pública, para o cal se procederá a paralización e supresión da *Resolución do 23 de febreiro de 2018* (publicada no DOG do 1 de marzo de 2018) *pola que se anuncia a convocatoria pública do procedemento de contratación aberto, polo trámite ordinario, para a adxudicación do contrato de servizos, documentalmente simplificado, suxeito a regulación harmonizada, denominado Xestión e dirección do centro Montealegre en Ourense, para a execución dun programa de acollemento residencial de menores baixo a medida de protección de tutela ou garda da Xunta de Galicia especializado na atención terapéutica para menores con problemas de conduta (24 prazas)*.

**Grupo Parlamentario**

2. Que sexa requisito imprescindible que o persoal que desempeñe as súas funcións no centro de menores de Montealegre sexa dependente da administración pública autonómica, para elo:

2.1 Nos casos nos que sexa posible, os empregados e empregadas públicas que desempeñaran o seu traballo neste centro, volverán a exercelo nas mesmas condicións cando se produza a reapertura do centro.

2.2 As intervencións no proceso socio-educativo cotián, e a súa observación e avaliación a real, a realizarán empregados e empregadas públicos que estean en posesión da titulación universitaria de Educador ou Educadora social.

Pazo do Parlamento, 15 de marzo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Raúl Fernández Fernández  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 15/03/2018 17:19:30**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/03/2018 17:20:19**

**Raúl Fernández Fernández na data 15/03/2018 17:20:26**

**Julio Torrado Quintela na data 15/03/2018 17:20:30**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/03/2018 17:20:35**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, relativa ao cumprimento da Lei de Memoria Histórica en Beade (Ourense).

### Exposición de motivos

A Lei de Memoria Histórica, incumprida en moitas ocasións dende que foi promulgada o 31 de outubro de 2007, fala no seu artigo 15 dos símbolos e os monumentos. "As administracións públicas, no exercicio das súas competencias, tomarán as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura".

Aos 10 anos e catro meses da Lei, o Estado non asumiu aínda o amparo ás vítimas do franquismo, como denunciou o relator de Dereitos Humanos da ONU. Cremos que unha sociedade democrática ten que rematar con todas as "reminiscencias" para ter rúas e avenidas libres do fascismo. As vilas, edificios oficiais, cemiterios, fachadas de vivendas e municipios teñen que ser máis xustas e dar pasos cara a "verdade, a liberdade e a reparación das vítimas". Xa nos tarda.

Malia todo, o seguinte punto matiza que iso " non será de aplicación cando as mencións sexan de estrita lembranza privada, sen exaltación dos enfrontados, ou cando concorran razóns artísticas, arquitectónicas ou artístico-relixiosas protexidas pola lei".



A Lei de Memoria Histórica obriga a cambiar os nomes franquistas das paredes e organismos. Os máis comúns son Avenida del Generalísimo ou José Antonio Primo de Rivera. O franquismo estampou a súa pegada por xalundes. No caso de non cumprir a legalidade, deberan ir ante da Fiscalía. Ou a Fiscalía debera actuar de oficio.

O que hoxe traemos a este Parlamento non só atenta directamente contra a Lei da Memoria Histórica . En Beade (Ourense) aínda existe a Rúa do Caudillo. Este nome é incompatible co espírito constitucional. Isto é burla á base legal do proceso de restitución ás vítimas e familiares dunha memoria amputada durante toda a ditadura e 42 anos da restauración monárquica constitucional . Isto é unha aldraxe de carácter “fascista, autoritaria e antidemocrática”.

Non se entende como non só desaparecen todos os símbolos, se non que se alardea, evidente anomalía democrática. Porén, solicitamos medidas xustas e oportunas, que deberan contar co apoio incondicional de todos/as os demócratas, encamiñadas a suprimir os elementos de división entre a cidadanía e –como sinala a propia lei– “a fomentar a cohesión e solidariedade entre as diversas xeracións en torno aos principios, valores e liberdades constitucionais”.

Por todo isto, o grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a cumprir o artigo 15 da Lei 52/2007 e retirar o nome da “Rúa do Caudillo” en Beade (Ourense).

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Luca Chao Pérez,

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 15/03/2018 17:14:25**

**Luca Chao Pérez na data 15/03/2018 17:14:33**

**Luis Villares Naveira na data 15/03/2018 17:14:41**

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **David Rodríguez Estévez e Luis Villares Navieira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, sobre o corte da estrada OU-0807 antes da aldea de San Vicente de Leira.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A poboación da localidade de San Vicente de Leira, Concello de Vilamartín de Valdeorras, manifestouse hai días EN DISTINTOS PUNTOS E CONCELLOS DE VALDEORRAS para pedirlle á Deputación que solucione o corte da estrada e o estado da mesma na OU- 0807.

A estrada cortouse mediante a colocación dun quitamedos simple, (que incomunicou de facto a vila e que impide a entrada de calquera vehículo na localidade) pola Deputación o sábado pasado pola TARDE e deixou incomunicada á veciñanza PROPOÑENDO UN ACESO ALTERNATIVO QUE REVISTE TANTO OU MAIS PERIGO QUE A CITADA VIA OU-0807 que esixen medidas contundentes e efectivas en orde a ser considerados a ser como os demais núcleos de poboación no tocante as infraestruturas que conectan as vilas.

Tanto Deputación como Xunta de Galicia son responsables directa ou indirectamente de dar solucións e responsables das comunicacións por vía terrestre da veciñanza así como do mantemento das mesmas en condicións de seguridade para as persoas usuarias das mesmas.



Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición no de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a arranxar os problemas da estrada OU-0807 que da acceso á vila de San Vicente de Leira en Ourense de forma inmediata.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez  
Deputado do G.P. de En Marea  
Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 15/03/2018 17:30:28**

**Luis Villares Naveira na data 15/03/2018 17:30:38**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/03/2018 18:09  
Nº Rexistro: 28032  
Data envío: 15/03/2018 18:09:48.524

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Nos últimos anos asistimos a unha permanente confrontación política entre a Xunta de Galiza e o concello de Vigo que está a causar graves prexuízos a Vigo e aos concellos da súa área. A Área Metropolitana, o abastecemento e calidade da auga, a candidatura sobre a declaración das Illas Cíes-Parque das Illas Atlánticas como patrimonio da humanidade, a zonificación escolar, a biblioteca pública, a urbanización do acceso a Vigo pola AP 9 desde o límite con Redondela (Torres de Padín), o pergamiño Vindel, os servizos do Hospital Álvaro Cunqueiro, o transporte público da área metropolitana, a estación intermodal ou o Campus do mar... son algúns dos asuntos nos que a prevalencia de intereses partidistas e electoralistas están a ter consecuencias negativas para as persoas en forma de paralización e retraso de iniciativas de interese estratéxico para a área de Vigo..

2. A interminábel disputa institucional e política entre o Goberno municipal de Vigo e a Xunta de Galiza tivo e segue tendo un dos seus puntos culminantes da constitución e posta en marcha da Área Metropolitana de Vigo (AMV). A incapacidade para o diálogo fixo que se acabase xudicializando un tema de interese estratéxico, coa



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

interposición por parte da Xunta dun recurso contencioso-administrativo contra a constitución da AMV e dos seus órganos de goberno. Esta decisión só persegue dificultar e atrasar a posta en marcha efectiva da Área Metropolitana de Vigo, o que supón un claro prexuízo para a veciñanza da área ao postergar a implementación de servizos mancomunados a nivel metropolitano.

3. O conflito arredor da Área Metropolitana fica atravesado pola problemática derivada da inexecución do convenio suscrito o pasado 6 de xullo de 2016, entre Concello de Vigo, a empresa Vitrasa (como concesionaria do servizo de transporte urbano da cidade olívica) e Xunta de Galiza, para a integración de Vigo na área de transporte metropolitano de Vigo. Unha inexecución que ten causa na diverxencia de criterio referida unicamente á cuestión tarifaria, nomeadamente á compensación das viaxes urbanas dentro do termo municipal de Vigo.

O transporte metropolitano é unha das principais demandas da veciñanza da AMV. Aínda que o vixente plan de transporte metropolitano é anterior á constitución da AMV, e este presenta importantes déficits, a súa aplicación no conxunto do territorio da área é unha necesidade urxente. A pesar de que o citado convenio recolle que a interpretación que podería resolver o desacordo tarifario podería substanciarse a través da vía contencioso-administrativa, ningunha das dúas partes acudiu a este mecanismo, que a Xunta si que exerce, como xa se citou, para tentar anular xudicialmente a constitución da AMV.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a executar o convenio asinado en



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/03/2018 18:09**  
**Nº Rexistro: 28032**  
Data envío: 15/03/2018 18:09:48.524

materia de transporte metropolitano, a través dun acordo co Concello de Vigo a respeito do financiamento, que deberá garantir as mesmas tarifas para todas as persoas usuarias, con independencia do seu lugar de procedencia.”

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/03/2018 18:07:34**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/03/2018 18:07:38**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 15/03/2018 18:07:41**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/03/2018 18:09**  
**Nº Rexistro: 28032**

Data envío: 15/03/2018 18:09:48.524

**Olalla Rodil Fernández na data 15/03/2018 18:07:43**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/03/2018 18:07:44**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/03/2018 18:07:51**

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

As restricións de persoal e a falta de traslados son factores principais que teñen incrementado as dificultades que se viven no Sistema Penitenciario e que afectan ao persoal que desenvolve o seu traballo neste ámbito. O progresivo envellecemento dos cadros de persoal (un total de 23.000 empregados públicos) que incrementa as taxas de xubilación e de pasas a segunda actividade (materia por certo sen regulamentación dende hai 17 anos) incrementa o deterioro dos parámetros de funcionamento dos nosos centros penitenciarios.

Ademais, as relacións de postos de traballo do Sistema Penitenciario presentan un 15 % de vacantes sen cubrir (uns 3.000 postos de traballo), que por outra parte veñen sendo obxecto de rotacións temporais mediante comisións de servizo que non permiten manter unha estrutura estable de traballo.

Así, a Administración Penitenciaria (dependente do Ministerio do Interior cando antes estaba adscrita ao de Xustiza, decisión de Goberno que reflicte distintos modelos de política penitenciaria) é un dos sectores máis opacos da nosa Administración pública.

A privatización dalgúns servizos non só ten afectado a actividades “instrumentais” (lavandería ou mantemento) senón tamén a servizos neuráxicos do Sistema Penitenciario como é a seguridade, que ao abeiro da Lei de seguridade privada permite ser prestada por empresas deste sector que pasan a se encargar da vixilancia do perímetro dos centros penitenciarios, unha política de seguridade que non deixa de crecer coas novas licitacións da Secretaría de Estado de Seguridade.

Por outra parte, o servizo de saúde que se presta aos internos é claramente deficiente; con un 15% de prazas sen cubrir no persoal sanitario deste sector hai centros nos que non se está podendo realizar os recoñecementos médicos

## Grupo Parlamentario

establecidos por lei ou que durante os fins de semana queden sen servizo médico, sendo unha constante a dispensación de medicamentos para toda a semana dunha soa vez e sen que haxa control sanitario da súa dosificación.

Encóntrase así a institución penitenciaria nunha situación límite de precariedade.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

As organizacións sindicais están a demandar a necesaria equiparación interna entre os funcionarios dos centros penitenciarios que realizan o mesmo traballo, mediante a homologación dos distintos centros que responden a unha clasificación que obedecía a un contexto social e de política penitenciaria de hai 30 anos que ten mudado de forma substancial.

Así, e polo que corresponde a Galicia, onde prestan servizos preto de 2.000 funcionarios de institucións penitenciarias, os centros de Teixeira e A Lama están encadrados na categoría 1.1, cando os de Monterroso, Bonxe e Ourense son centros de categoría 2.2, o que determina que os funcionarios adscritos a estes centros galegos de distinta categoría perciben retribucións distintas para funcións análogas, ben de intervención, sanitaria, burocrática ou de vixilancia.

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan preguntan:

Que actuacións ten desenvolvido o Goberno galego perante o Ministerio de Interior para mellorar as condicións de traballo do persoal que presta servizos nos centros penitenciarios radicados en Galicia?

Pazo do Parlamento, 7 de marzo de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/03/2018 18:33:04**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 08/03/2018 18:33:24**

**Julio Torrado Quintela na data 08/03/2018 18:33:31**



---

**Grupo Parlamentario**

**Noela Blanco Rodríguez na data 08/03/2018 18:33:38**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noela Blanco Rodríguez e Abel Fermín Losada Álvarez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

As pensións públicas teñen constituído e constitúen na actualidade os ingresos principais para un gran número de cidadáns e cidadás no noso país. Na actualidade existen máis de 750.000 pensións en Galicia, dentro dos máis de 9,5 millóns de España. A contía media desas pensións en Galicia son das máis baixas de España, situándose nunha media un 15 % inferior.

Pese a todo, as pensións se teñen evidenciado, nestes anos de crise, como un dos elementos vertebradores da sociedade, principalmente para moitas das áreas territoriais de Galicia onde constitúen a principal fonte de ingresos de moitos fogares.

Cabe recordar que o Goberno de España, do Partido Popular, iniciou a súa acción de goberno coa aplicación de varias medidas regresivas dirixidas a atentar contra a dignidade dos pensionistas, entre as que poden enumerarse:

- A aprobación do Real decreto-lei 16/2012, que establece o chamado “*copago farmacéutico*” e que supón que os pensionistas teñan que aboar parte do prezo dos medicamentos.
- O endurecemento das condicións de acceso á xubilación, coa aprobación de Real decreto-lei 5/2013, de 15 de marzo, que supuxo a ruptura do consenso alcanzado nesta materia a través da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.
- A reforma unilateral do sistema público de pensións levada a cabo pola Lei 23/2013, do 23 de decembro, reguladora do factor de sostibilidade e o índice de revalorización do sistema de pensións da Seguridade Social, que afectou, por unha banda, á contía das pensións que se xeren a partir de 2019 e, por outra, o sistema de revalorización, establecendo unha



## Grupo Parlamentario

modalidade de actualización das contías das pensións que imponen unha perda de poder adquisitivo dos pensionistas e, polo tanto, o seu empobrecemento.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Dende finais de 2016 e durante 2017 revalorizándose as pensións nun 0,25 % anual, pero os prezos incrementáronse moi por riba desa porcentaxe, resultando unha perda significativa do poder de compra das persoas pensionistas.

Pese a esta situación alarmante, o Goberno central non ten adoptado ningunha medida que permita asegurar o poder adquisitivo dos pensionistas, así como tampouco lograr o reequilibrio a corto e medio prazo da situación financeira da Seguridade Social. Máis ben todo o contrario o ter practicamente esgotado a denominada “hucha das pensións”, que ascendía a 67.000 millóns de euros cando o Sr. Rajoy accedeu á Presidencia do Goberno central.

Resulta pois xa urxente anticipar medidas de reforzo da estrutura dos ingresos de modo que se garanta un axeitado financiamento e sostibilidade do sistema de pensións, mantendo uns niveis dignos de cobertura, de tal xeito que se poda acadar a garantía de suficiencia na revalorización das pensións, sendo necesario que se tomen medidas para reparar a situación actual de insuficiencia de ingresos da Seguridade Social. Neste sentido é preciso que se convoque á Mesa do diálogo cos interlocutores sociais e acorden as medidas a remitir á Comisión de Seguimento e Valorización do Pacto de Toledo para artellar de forma urxente as fórmulas que permitan restablecer o equilibrio entre ingresos e gastos da Seguridade Social.

Mentres estas medidas non se acaden debese paralizar e suspender o índice de revalorización previsto legalmente, pois o dito índice, nun contexto de inflación positiva, non garante o poder adquisitivo das pensións, senón máis ben o contrario.

Non deixa de ser unha falla de respecto e unha fraude ás persoas pensionistas a actitude do Goberno do Partido Popular que, de xeito reiterado, proclamaba que nunca as pensións durante o seu goberno terían unha mingua retributiva, cando hoxe se constata esa redución real.



## Grupo Parlamentario

Por iso a maior parte dos grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados (agás o Partido Popular e Ciudadanos), así como as organizacións sindicais, subscribiron unha Proposición de lei para garantir a suficiencia da revalorización das pensións e de medidas urxentes de reequilibrio orzamentario da Seguridade Social. Non obstante, o Goberno do Partido Popular bloqueouna, forzando unha interpretación capciosa da Lei e evitando así que os pensionistas poidan recuperar o seu poder adquisitivo e que se adoptaran medidas dirixidas a sanear o déficit.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Non caben excusas que xustifiquen aprazar a toma de decisións que permita a revitalización, a estabilidade e a sostibilidade do sistema de pensións; a recuperación do poder adquisitivo dos pensionistas; a suficiencia das pensións e, por suposto, a solidariedade interxeracional, territorial e sectorial que debe retornar ao sistema de protección social.

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Considera a Xunta de Galicia que as pensións galegas deben perder capacidade adquisitiva no ano 2018?

Pazo do Parlamento, 9 de marzo de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/03/2018 19:33:11**

**Noela Blanco Rodríguez na data 09/03/2018 19:33:17**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 09/03/2018 19:33:24**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O persoal sanitario e non sanitario das urxencias do CHUS, leva xa moito tempo denunciando a situación total de descontrol e abandono na que se atopan estas urxencias.

Denuncian a falta de medios, tanto de persoal como de material, que provoca situacións de moitas tensión entre o persoal das urxencias que ve como ante a desidia da dirección do hospital, empeora a calidade asistencial repercutindo non só nas doentes e nos doentes, se non tamén nas condicións laborais e carga de traballo do propio persoal.

As ratios de pacientes que teñen son superiores ás que poden levar, pero esa circunstancia non impide que teñan as ratios de persoal máis baixas que hospitais cos que se poidan comparar como o CHUAC ou o CHUVI, que xa de por si, atópanse tamén bastante saturados e faltos de persoal.

En canto ao material, denuncia que están a traballar con aparatos de fai 20 anos, que dado o uso continuo ao que se someten en urxencias, atópanse nunhas condicións lamentables, que no mellor dos casos intentan ser solucionadas con reparacións e pezas de recambio, que nin de lonxe supoñen unha solución ao problema, pois volven a avariarse cada pouco tempo.

Pese ás reunión mantidas coa dirección e a xerencia, na que foron trasladadas as demandas mínimas que xa non podían adiarse máis, sendo recoñecido pola propia dirección a mala situación, as cuestións comprometidas seguen sen levarse





a cabo pese a existir partidas habilitadas para tal fin, segundo a información dada pola propia xerencia en maio do ano pasado, en relación a actualización do servizo de raios.

Esta situación de falta de inversión nas urxencias, resulta totalmente inadmisibile tanto polo empeoramento da calidade asistencial da sanidade pública como das condicións laborais do persoal, sobre todo tendo en conta que a dirección e a xerencia son plenamente coñecedoras da situación denunciada.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta:

- Cando ten pensando o Goberno dotar dos medios materiais e humanos suficientes o servizo de urxencias do CHUS?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 12/03/2018 10:44:49**

## Á MESA DO PARLAMENTO

O pasado 21 de febreiro publicouse na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia a adxudicación pola Axencia Turismo de Galicia do “*Contrato privado de patrocinio publicitario entre Axencia Turismo de Galicia e a UTE Old Navy Port Producións, S.L. e Esmerarte Industrias Creativas, S.L. para a promoción do evento Xacobeo 2012, a través da celebración do festival O Son do Camiño en Santiago de Compostela e cinco concertos nas principais cidades galegas no ano 2018*”. A adxudicación do contrato, por importe de 2.975.000 euros IVE engadido, publicouse con total ausencia dos pregos e dos demais requisitos esixidos pola la lexislación en materia de contratación pública para a súa adecuación a dereito.

Neste senso débese recordar que a contratación por procedemento negociado sen publicidade (por exclusividade) é considerada unha vía excepcional tanto na lexislación española como na comunitaria. A Directiva 2014/24/UE sobre contratación pública esixe que para poder adxudicar un contrato deste tipo se dean unhas circunstancias de exclusividade obxectiva, e expresamente esixe que “*a situación de exclusividade non teña sido creada polo propio poder adxudicador con vistas ao futuro procedemento de contratación*”.



Parece evidente que esta circunstancia se ten dado cando a titular da ATG e o propio Alberto Núñez Feijóo anunciaron na pasada edición de Fitur a realización do festival como un evento propio da Xunta para promocionar o Xacobeo 2021, e a marca do evento, que serve de xustificación para a exclusividade, conta con apenas 3 meses de vixencia, **carecendo ata o de agora de calquera tipo de repercusión mediática ou pública.**

A evidente e **total ausencia de transparencia nesta contratación**, así como o que parece un uso en fraude de Lei do procedemento previsto no art. 170 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, **vulnerando as normas que regulan a contratación pública**, esixen unha inmediata aclaración por parte da directora da Axencia Turismo de Galicia e dos demais titulares dos departamentos que participaron neste procedemento.

Por outra banda, dende unha perspectiva de política cultural, parécenos totalmente fóra de lugar dedicar a un único festival musical case 3 millóns de euros, cando en todo o ano 2017 a cantidade que a Xunta de Galicia dedicou á suma de todos os festivais musicais do país estivo nos 220.000 euros.

En base ás anteriores consideracións, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentarion de En Marea formulan a seguinte Pregunta ao Goberno, para a súa resposta oral en Pleno.

Por que se escolleu o procedemento negociado sen publicidade para a realización deste contrato?

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2018.





**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 14/03/2018 17:43:08**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/03/2018 17:43:21**

**Luca Chao Pérez na data 14/03/2018 17:43:29**

**Francisco Casal Vidal na data 14/03/2018 17:43:37**

**Juan José Merlo Lorenzo na data 14/03/2018 17:43:47**

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O informe “Por unha alianza do sector industrial galego: 50 propostas”, realizado polo Consello Económico e Social de Galicia, recolle propostas relacionadas co medio ambiente e a eficiencia enerxética. En concreto, os datos que manexa (os últimos publicados pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio) son os seguintes: no ano 2014, a xeración de residuos industriais na nosa Comunidade foi de máis de 2,4 millóns de toneladas, resultando un 20 % máis do valor do obxectivo marcado pola Estratexia Europea 2020. Así mesmo, as emisións de gases de efecto invernadoiro (segundo datos oficiais da mesma Consellería e relativos a 2015) foi de máis de 1,7 millóns de quilotoneladas, é dicir, un 10 % máis do obxectivo europeo.

O anterior evidencia, segundo o propio CES, que é preciso estimular a desmaterialización e a descarbonización das operacións industriais, impulsando unha actividade industrial máis sostible, de xeito que o crecemento económico non vaia aparelado a un maior impacto ambiental.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como valora o Goberno galego a proposta do informe “Por unha alianza do sector industrial galego: 50 propostas”, realizado polo Consello Económico e Social de Galicia, e relativa ao medio ambiente e a eficiencia enerxética?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Abel Losada Álvarez  
Raúl Fernández Fernández  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 14/03/2018 19:12:37**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 14/03/2018 19:12:43**

**Raúl Fernández Fernández na data 14/03/2018 19:12:49**

**María Luisa Pierres López na data 14/03/2018 19:12:53**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

As costas galegas arrastran unha longa historia de contaminación. O Prestige é o caso máis simbólico das últimas décadas, pero, por desgraza, non é o único fito negro recente. Hai outros que, ademais, contan co agravante de ter sido deliberados.

Durante décadas, oito países europeos verteron residuos nucleares preto da nosa terra. Entre 1949 e 1982, Gran Bretaña, Bélxica, Holanda, Francia, Suíza, Suecia, Alemaña e Italia desfixéronse dunhas 140.000 toneladas de material contaminante na Foxa Atlántica. Empregaron para elo bidóns de aceiro e formigón que non estaban deseñados para conter indefinidamente os residuos. Algúns dos vertidos, como os británicos de 1964, permanecen a só 200 quilómetros de Asturias. Na actualidade, ninguén parece estar vixiándoos.

O Organismo Internacional da Enerxía Atómica (OIEA), que considera os residuos de baixa intensidade, asegura que non é a súa competencia vixiar o seu estado. A Organización Marítima Internacional (IMO) entende que o control das verteduras lle atinxe á OIEA e á OSPAR, unha organización creada por diversos gobernos europeos e a propia Unión Europea co obxecto de protexer o medio ambiente mariño no Atlántico nororiental. Porén, a OSPAR nin sequera sabe cando se realizou o último estudo sobre os bidóns radioactivos ou cando se realizará o próximo. Mentres tanto, o Estado español límitase a botar balóns fora



dicindo que non é a súa competencia. Ao parecer, protexer a saúde dos españois e o medio ambiente non forma parte das súas atribucións.

É obvio que os vertidos de residuos nucleares precisan dun control constante, xa que os riscos que entrañan non desaparecen co paso do tempo. Non obstante, a Comisión Europea declarou recentemente que non ten coñecemento de que existan novos estudos científicos sobre o estado actual dos residuos radioactivos. As institucións internacionais e estatais non os supervisan de facto.

Este ano remata a moratoria que entrou en vigor no ano 1994 e que prohibía continuar vertendo na costa atlántica estes residuos radioactivos, foran ou non de baixa intensidade. A moratoria contemplaba a realización dun estudo científico antes de febreiro de 2019 para avaliar as consecuencias dos vertidos masivos. O estudo, que tería que estar encabezado polos países da Convención de Londres e a Organización Marítima Internacional, ía ser o documento que permitiría decidir acerca da pertinencia de revalidar a moratoria. Non obstante, nin se levou a cabo o estudo ni parece que se vaia a facer. En vez diso, substituíuse por un dossier de literatura científica sobre o acontecido.

Tendo en conta a gravidade do asunto, non son suficientes meras especulacións ao respecto. Precisamos ter a certeza de que a moratoria vaise manter.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Ten feito o Goberno da Xunta algunha xestión para que esta moratoria sexa renovada, evitando así que se volvan depositar residuos nucleares preto das nosas costas?



Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 14/03/2018 19:22:44**

**Antón Sánchez García na data 14/03/2018 19:22:51**

## Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O luns 6 de febreiro publicábanse non DOG os 31 concellos afectados pola couza guatemalteca (*Tecia solanivora*), 13 na provincia da Coruña e 18 na provincia de Lugo.

O martes 2 de maio comezaba a “campanha de recollida de pataca afectada pola couza guatemalteca (*Tecia solanivora*)”, a cal empezara en dous concellos coruñeses e dous lucenses.

O mércores 24 de maio, cando aínda se estaba a recoller pataca afectada, a conselleira do Medio Rural, anunciaba que dá por controlada a praga da couza guatemalteca da pataca nos concellos infestados na provincia da Coruña.

O luns 3 de xullo comezaba a Consellería do Medio Rural a pagar as primeiras axudas pola prohibición de plantar patacas, axudas solicitadas polos veciños e veciñas dos concellos afectados pola couza guatemalteca e despois de oito meses só abonou 103.000 euros dos 168.000 euros reclamados.

O venres 20 de outubro publicouse non DOG que o concello de Cariño, na provincia da Coruña está afectado pola couza guatemalteca.

Non obstante, tras este percorrido histórico do feito pola Xunta de Galicia, atopámonos con que o executivo non executou todas as partidas que ten destinadas para os afectados pola praga, segundo fontes xornalísticas que á súa vez baséanse en datos da propia Consellería do Medio Rural. É máis, soamente executou o 60 % faltando un 40 % aproximadamente por executar.



 Grupo Parlamentario

Por iso os deputados que asinan preguntan:

Cal é o motivo polo que a Xunta de Galicia non executou todos os pagos das axudas solicitadas?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 14/03/2018 19:33:36**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 14/03/2018 19:33:45**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/03/2018 12:30  
Nº Rexistro: 27966  
Data envío: 15/03/2018 12:30:46.700

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á falta de transparencia e información por parte do goberno galego a respecto da concesión de subvencións a empresas do sector da automoción.

O Bloque Nacionalista Galego ten denunciado repetidamente a falta de transparencia e información por parte do goberno galego a respecto dos recursos que destina a empresas do sector da automoción e a necesidade de informar sobre as mesmas para avaliar a repercusión que teñen na fixación de emprego e tecido empresarial nun contexto de forte deslocalización cara outros centros de produción, como é o norte de Portugal.

Neste sentido, comezada a X lexislatura este Grupo Parlamentar reiterou tres solicitudes de información concreta, rexistrando en outubro de 2016 preguntas orais e escritas así como un artigo 9 relativos a coñecer as contías exactas de determinadas empresas, de habelas, por non poder atopar esa información mediante os mecanismos públicos. Porén, máis de ano e medio despois e malia as peticións verbalizadas no curso da resposta ás nosas preguntas orais, non recibimos resposta, obstaculizando o noso traballo parlamentar e a nosa labor de oposición. .

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando vai o goberno galego adoptar políticas de transparencia e control sobre o



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/03/2018 12:30**  
**Nº Rexistro: 27966**  
Data envío: 15/03/2018 12:30:46.700

diñeiro público destinado ao sector da automoción?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/03/2018 11:41:31**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/03/2018 11:41:38**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/03/2018 11:41:40**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 15/03/2018 11:41:42**

**Olalla Rodil Fernández na data 15/03/2018 11:41:43**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/03/2018 12:30**  
**Nº Rexistro: 27966**

Data envío: 15/03/2018 12:30:46.700

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/03/2018 11:41:45**

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, M<sup>a</sup> Dolores Toja Suárez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O servizo público da xustiza é vital para a vertebración do estado social e democrático de dereito. Necesitamos unha Administración de xustiza moderna, esencial para consolidar o estado de dereito e mellorar a calidade da nosa democracia. A xustiza ten moito que dicir na loita contra a violencia machista, unha das peores lacras da nosa sociedade que, lonxe de se reducir, repunta. A pesares de que Galicia rexistrou 6436 denuncias por violencia de xénero en 2017 (un 13,3 % máis que en 2016), só hai 2 xulgados específicos de violencia contra a muller, en Vigo e en A Coruña.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista cremos que garantir a protección das vítimas e atendelas como corresponde nas dependencias xudiciais debe ser cuestión prioritaria, tal e como recolle especificamente a Lei orgánica de 2004. Segundo datos do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do *CGPJ*, un 73 % dos asasinatos ocorren en poboacións inferiores a 100 000 habitantes, o que alerta de que a “*ruralidade*” é un factor de vulnerabilidade que se debe ter en conta nas políticas integrais. Considerando a dispersión e envellecemento da poboación en Galicia, calquera achegamento dos recursos dos xulgados específicos aos domicilios das posibles vítimas resultará útil, por iso entendemos que, ademais da necesidade de ampliar o número de xulgados de violencia contra a muller, a comarcalización dalgúns servizos propios destes xulgados específicos e que existen só nos partidos xudiciais de dúas cidades galegas sería unha boa solución.

**Grupo Parlamentario**

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai demandar o Goberno ao Goberno do Estado a comarcalización dos servizos do Imelga, as Oficinas de Atención ás Víctimas e a Policía Xudicial?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
María Luisa Pierres López  
M<sup>a</sup> Dolores Toja Suárez  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 15/03/2018 13:43:55**

**María Luisa Pierres López na data 15/03/2018 13:44:00**

**María Dolores Toja Suárez na data 15/03/2018 13:44:05**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/03/2018 13:44:12**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/03/2018 13:44:17**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á edición de libros en galego.

Na última década a edición de libros en lingua galega caeu un 33,6%. Só as obras en vasco experimentaron un descenso máis pronunciado (un 34,6%), segundo apunta o informe do Instituto Nacional de Estatística Produción editorial de libros, que recolle datos ata 2016.

Así, mentres que fai dez anos superábase o milleiro de libros e folletos en lingua galega (1.472), agora estamos por debaixo dos 1.000. A tendencia é claramente á baixa e continúa ata hoxe. Nos últimos 12 meses estudados pasouse das 1.120 obras en galego ás 976, o que supón un descenso do 12,8%.

Os datos tamén son malos cando se repara nas publicacións bilingües. No 2016 houbo 269 libros en euskera e castelán, 266 en catalán e castelán e 140 en valenciano e castelán. Pola contra, só houbo 84 libros en galego e castelán, o que, como é lóxico, dificulta dar a coñecer a nosa lingua no resto do territorio do Estado.

Pero o dato máis preocupante é outro. O galego é a cuarta lingua en porcentaxe de libros infantís e xuvenís sobre o total do publicado. O euskera conta cun 34,7%, o valenciano cun 27,4% e o catalán cun 24%. En galego, en cambio, só se pública un 19,9% de obras dirixidas á poboación máis nova. Trátase dun problema serio, xa que é a xente moza a que máis de lado está deixando o noso idioma. Así o advirte un traballo recente da Real Academia Galega titulado



Lingua e sociedade en Galicia. Nas súas palabras, alerta dunha “crecente ruptura da transmisión interxeracional e duns usos minguentes do galego por parte da xente máis nova, especialmente nos ámbitos urbanos e periurbanos”.

Na investigación sinálase que o precario uso do galego entre os mozos e mozas non se debe tanto ao idioma empregado polas súas familias como a súa escasa presenza no espazo escolar e nos contextos urbanos de interacción social. Segundo as estatísticas da Mesa pola Normalización Lingüística, o 40% dos centros de Educación Infantil das cidades non recorren nunca ao galego.

Este fenómeno obsérvase mellor se distinguimos o que acontece en tres grupos de idade, tal e como fai o informe da RAG. As persoas de máis de 40 anos están a abandonar o monolingüismo galego a favor de prácticas bilingües funcionais e do maior uso do castelán. As persoas con idades comprendidas entre os 20 e os 40 anos presentan unha situación sociolingüística estable. Por último, as persoas máis novas, que teñen entre 5 e 20 anos, protagonizan un fenómeno de desgaleguización notable que, a diferenza do que sucede no primeiro grupo de idade mencionado, escórase cara un uso monolingüe do castelán. Por todo isto, non é de estrañar que mentres o 75% da poboación galega de máis de 75 anos fala maioritariamente en galego, só o 30% dos menores de 20 exprésanse no noso idioma, o que supón unha diferenza de 45 puntos porcentuais.

Os presentes datos son a razón pola cal a escasa publicación de libros en galego dirixidos á poboación máis nova supón un problema serio para o noso idioma. O único xeito de que os mozos e mozas continúen empregando o galego é facelo accesible a través de tódolos medios a nosa disposición e, dende logo, a través das obras escritas.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:



- Que medidas pensa tomar a Xunta de Galicia para incrementar a edición de libros en galego e, en particular, a edición de libros destinados á poboación máis nova?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 15/03/2018 16:41:39**

**Luca Chao Pérez na data 15/03/2018 16:41:46**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Marcos Cal Ogando, Antón Sánchez García, Anxeles Cuña Bóveda e Davide Rodríguez Estévez,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

O deterioro e a falta de mantemento das estradas incrementan de forma considerable as posibilidades de accidente. A circulación por estradas en mal estado supón un sobre esforzo, incrementa a fatiga das persoas condutoras, polo tanto un adecuado mantemento e conservación das estradas é fundamental para mellorar a seguridade vial e a prevención de accidentes.

Foi unha constante dende a crise económica de 2008 a falta de mantemento da rede de estradas estatais no noso País, cunha drástica redución orzamentaria que provocou, na práctica, unha marxinación do mantemento en favor das novas construcións.

Sen ter en conta o sobrecusto que supón para os usuarios circular por estradas en mal estado, xa que supón un deterioro maior dos vehículos que por elas transitan, é necesario reformular esta situación para evitar riscos e sobrecustos innecesarios: investir en conservación e aforrar a longo prazo.

En Galicia e na provincia de Lugo existen numerosos exemplos desta falta de mantemento das estradas estatais. Un deles é o lamentable estado da N-540, que



une Lugo con Ourense. Trátase dun trazado complexo que non ten recibido apenas investimentos públicos nos últimos anos. En numerosos puntos, a estrada presenta un asfaltado totalmente deteriorado, mesmo nos carrís de incorporación e saída, así como falta de sinalización, sendo unha vía moi transitada, tanto por vehículos convencionais como por camións.

Existen situacións incomprensibles, como sinalizacións de dobre carril que indican que no carril rápido non se pode circular a menos de 70 km/H e sinalizacións xenéricas que limitan a velocidade máxima en todo o tramo a 80 km/h, ou mesmo a 50.

A situación de inseguridade da vía é tal que moitos usuarios optan por trazados alternativos, máis longos, pero que lles producen maior seguridade, como é utilizar a alternativa de Monforte, polo corredor CG-2.2.

O 22 de xuño de 2017, a Comisión de Seguridade Vial do Congreso aprobou unha proposición non de lei de En Marea para que o Ministerio de Fomento efectuase actuacións de reforma e rehabilitación na N-540 este ano nos tramos situados entre Guntín e Ventas de Narón, e no tramo que vai entre Chantada e Taboada, que a día de hoxe están sen realizar.

A veciñanza de Guntín denuncia continuamente a perigosidade da curva situada á saída da localidade e son frecuentes os accidentes que se producen na zona. Tamén en Chantada son habituais as queixas polo lamentábel estado da variante de Chantada, con 7 quilómetros de pavimento desgastado, cada vez máis deteriorado. Mesmo se sinalizou recentemente con sinais de perigo por proxección de grava.



Nunha resposta a En Marea, o Goberno afirmou que na N-540 non se identificou ningún Tramo de Concentración de Accidentes, cando é un área de alta sinistralidade. De feito, en outono de 2015 houbo unha sucesión de accidentes, cunha persoa morta e 11 feridos nun intervalo de 18 días.

Noutra resposta do Congreso a En Marea, o propio Ministerio de Fomento reconece que “na provincia de Lugo, o Ministerio de Fomento ten identificado varios tramos da N-540, nos que o estado do firme aconsella a realización de actuacións”, sen embargo, o Ministerio de Fomento non concreta nin as actuacións concretas a realizar nin os prazos.

Polo exposto, as deputadas e os deputados que subscriben, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que vai facer a Xunta de Galicia ante o lamentable e perigoso estado da estrada N-540?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Marcos Cal Ogando

Anxeles Cuña Bóveda

Davide Rodríguez Estévez

Deputadas e deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**



**Paula Vázquez Verao na data 15/03/2018 17:15:05**

**Luis Villares Naveira na data 15/03/2018 17:15:09**

**Marcos Cal Ogando na data 15/03/2018 17:15:15**

**Antón Sánchez García na data 15/03/2018 17:15:25**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 15/03/2018 17:15:33**

**David Rodríguez Estévez na data 15/03/2018 17:15:36**

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

En abril de 2012 a Xunta de Galicia pechou o centro de menores Montealegre, situado en Ourense, que acollía a mozos e mozas a partir de 14 anos con importantes problemas de conduta, para segundo afirmou a daquelas Consellería de Traballo e Política Social, realizar obras debido a que as instalacións tiñan importantes deficiencias e carencias.

Naquel momento, tanto os traballadores e traballadoras dos centros, os equipos técnicos de menores, a Fiscalía de Menores, a Policía autonómica, e mesmo o Valedor do Pobo, manifestaron que se consideraba un grave erro esta decisión, debido á necesidade deste recurso como resposta ás necesidades específicas destes menores.

O peche do centro de menores de Montealegre obrigou a que moitos destes e destas adolescentes acabaran no de protección ordinaria da Carballeira, mesturando de maneira indiscriminada casuísticas que van dende os problemas de conduta, ao consumo de sustancias tóxicas, ou a presenza dalgún tipo de trastorno psíquico. Esta mestura indiscriminada nunha mesma contorna prexudicou a todos os usuarios e usuarias posto que non se está ofrecendo a atención adecuada ás necesidades de cada un deles, co problema engadido de que ao tratarse dun centro de réxime aberto, as saídas de menores conflictivos e con trastornos de conduta son habituais.

En xuño de 2017 a unha pregunta do Grupo Parlamentario Socialista a respecto deste centro, o Secretario Xeral Técnico da Consellería de Política Social anunciaba a reapertura do centro, seis anos despois do seu peche, no primeiro semestre do ano 2018, sen aclarar se a xestión do centro ía a seguir sendo pública como ata o de agora ou se ía a

**Grupo Parlamentario**

proceder a súa privatización.

O 1 de marzo privatizábase a xestión do centro a través da publicación no DOG da *Resolución do 23 de febreiro de 2018 pola que se anuncia a convocatoria pública do procedemento de contratación aberto, polo trámite ordinario, para a adxudicación do contrato de servizos, documentalmente simplificado, suxeito a regulación harmonizada, denominado Xestión e dirección do centro Montealegre en Ourense, para a execución dun programa de acollemento residencial de menores baixo a medida de protección de tutela ou garda da Xunta de Galicia especializado na atención terapéutica para menores con problemas de conduta (24 prazas)*. Segundo se recolle na propia resolución, o contrato sería de como máximo 3,2 millóns de euros ao ano, ata 2020, e con posibilidade de prorrogalo. Para as intervencións no proceso socio-educativo cotián, e a súa avaliación e observación real, non se require estar en posesión da titulación universitaria de Educador ou Educadora Social.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que privatizou o Goberno galego a xestión do centro de menores de Montealegre, situado en Ourense?

Pazo do Parlamento, 15 de marzo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Raúl Fernández Fernández  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 15/03/2018 17:22:56**



 Grupo Parlamentario

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/03/2018 17:23:05**

**Raúl Fernández Fernández na data 15/03/2018 17:23:09**

**Julio Torrado Quintela na data 15/03/2018 17:23:14**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ao cumprimento da Lei de Memoria Histórica en Beade (Ourense).

A Lei de Memoria Histórica, incumprida en moitas ocasións dende que foi promulgada o 31 de outubro de 2007, fala no seu artigo 15 dos símbolos e os monumentos. "As administracións públicas, no exercicio das súas competencias, tomarán as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura".

Aos 10 anos e catro meses da Lei, o Estado non asumiu aínda o amparo ás vítimas do franquismo, como denunciou o relator de Dereitos Humanos da ONU. Cremos que unha sociedade democrática ten que rematar con todas as "reminiscencias" para ter rúas e avenidas libres do fascismo. As vilas, edificios oficiais, cemiterios, fachadas de vivendas e municipios teñen que ser máis xustas e dar pasos cara a "verdade, a liberdade e a reparación das vítimas". Xa nos tarda.

Malia todo, o seguinte punto matiza que iso " non será de aplicación cando as mencións sexan de estrita lembranza privada, sen exaltación dos enfrontados, ou cando concorran razóns artísticas, arquitectónicas ou artístico-relixiosas protexidas pola lei".

A Lei de Memoria Histórica obriga a cambiar os nomes franquistas das paredes e organismos. Os máis comúns son Avenida del Generalísimo ou José Antonio Primo de Rivera. O franquismo estampou a súa pegada por xalundes. No caso de





non cumprir a legalidade, deberan ir ante da Fiscalía. Ou a Fiscalía debera actuar de oficio.

O que hoxe traemos a este Parlamento non só atenta directamente contra a Lei da Memoria Histórica . En Beade (Ourense) aínda existe a Rúa do Caudillo. Este nome é incompatible co espírito constitucional. Isto é burla á base legal do proceso de restitución ás vítimas e familiares dunha memoria amputada durante toda a ditadura e 42 anos da restauración monárquica constitucional . Isto é unha aldraxe de carácter “fascista, autoritaria e antidemocrática”.

Non se entende como non só desaparecen todos os símbolos, se non que se alardea, evidente anomalía democrática. Porén, solicitamos medidas xustas e oportunas, que deberan contar co apoio incondicional de todos/as os demócratas, encamiñadas a suprimir os elementos de división entre a cidadanía e –como sinala a propia lei– “a fomentar a cohesión e solidariedade entre as diversas xeracións en torno aos principios, valores e liberdades constitucionais”.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que medidas pensa tomar a Xunta de Galicia para cumprir o artigo 15 da Lei 52/2007 e retirar o nome da “Rúa do Caudillo” en Beade (Ourense)?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez



Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 15/03/2018 17:23:44**

**Luca Chao Pérez na data 15/03/2018 17:23:53**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

O centro de menores de Montealegre, en Ourense, leva pechado desde que no ano 2012 a Xunta de Galiza decidira, sen buscar consenso social e político, interromper os seus servizos coa desculpa de efectuar unha serie de reformas e obras.

Xa no 2012, o BNG alertaba de que esta operación viña acompañada dunha serie de indicios que facían ver a súa posíbel privatización e externalización, como o feito de modificar a relación de postos de traballo para amortizar os postos temporais e desprazar os fixos para o centro da Carballeira, que tamén absorbeu as e os menores que estaban a ser atendidos no centro.

Unha vez máis, conséntase que efectivamente foi unha estratexia do Partido Popular para cercenar un servizo público máis. Este 1 de marzo vén de certificarse a intención privatizadora do PP e vén de ser publicada no Diario Oficial de Galiza a resolución do 23 de febreiro de 2018 pola que se anuncia a convocatoria pública do procedemento de contratación aberto, polo trámite ordinario, para a adxudicación do contrato de servizos, documentalmente simplificado, suxeito a regulación harmonizada, denominado Xestión e dirección do centro Montealegre en Ourense. Recóllese desta forma o procedemento para a execución dun programa de acollemento residencial de



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

menores baixo a medida de protección de tutela ou garda da Xunta de Galiza, especializado na atención terapéutica para menores con problemas de conduta.

Alén do escurantismo que veu practicando a Xunta de Galiza no último lustro e da ausencia dun proceso dialogado para definir a xestión do Centro, chama a atención tamén que o número de prazas sexa de 24 e que as obras destes anos, que acumulan un investimento de case dous millóns de euros, non supoñan unha ampliación da capacidade. Por riba, isto supón unha amortización escondida de postos de traballo públicos que as organizacións de traballadores tamén rexeitan.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cales son as razóns para que a Xunta de Galiza privatice a Xestión do Centro de Menores de Montealegre (Ourense)?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/03/2018 17:52**  
**Nº Rexistro: 28028**

Data envío: 15/03/2018 17:52:39.087

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/03/2018 17:44:49**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/03/2018 17:44:55**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/03/2018 17:44:57**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 15/03/2018 17:44:58**

**Olalla Rodil Fernández na data 15/03/2018 17:45:00**

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/03/2018 17:45:01**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

1. Nos últimos anos asistimos a unha permanente confrontación política entre a Xunta de Galiza e o concello de Vigo que está a causar graves prexuízos a Vigo e aos concellos da súa área. A Área Metropolitana, o abastecemento e calidade da auga, a candidatura sobre a declaración das Illas Cíes-Parque das Illas Atlánticas como patrimonio da humanidade, a zonificación escolar, a biblioteca pública, a urbanización do acceso a Vigo pola AP 9 desde o límite con Redondela (Torres de Padín), o pergamiño Vindel, os servizos do Hospital Álvaro Cunqueiro, o transporte público da área metropolitana, a estación intermodal ou o Campus do mar... son algúns dos asuntos nos que a prevalencia de intereses partidistas e electoralistas están a ter consecuencias negativas para as persoas en forma de paralización e retraso de iniciativas de interese estratéxico para a área de Vigo..

2. A interminábel disputa institucional e política entre o Goberno municipal de Vigo e a Xunta de Galiza tivo e segue tendo un dos seus puntos culminantes da constitución e posta en marcha da Área Metropolitana de Vigo (AMV). A incapacidade para o diálogo fixo que se acabase xudicializando un tema de interese estratéxico, coa interposición por parte da Xunta dun recurso contencioso-



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

administrativo contra a constitución da AMV e dos seus órganos de goberno. Esta decisión só persegue dificultar e atrasar a posta en marcha efectiva da Área Metropolitana de Vigo, o que supón un claro prexuízo para a veciñanza da área ao postergar a implementación de servizos mancomunados a nivel metropolitano.

3. O conflito arredor da Área Metropolitana fica atravesado pola problemática derivada da inexecución do convenio suscrito o pasado 6 de xullo de 2016, entre Concello de Vigo, a empresa Vitrasa (como concesionaria do servizo de transporte urbano da cidade olívica) e Xunta de Galiza, para a integración de Vigo na área de transporte metropolitano de Vigo. Unha inexecución que ten causa na diverxencia de criterio referida unicamente á cuestión tarifaria, nomeadamente á compensación das viaxes urbanas dentro do termo municipal de Vigo.

O transporte metropolitano é unha das principais demandas da veciñanza da AMV. Aínda que o vixente plan de transporte metropolitano é anterior á constitución da AMV, e este presenta importantes déficits, a súa aplicación no conxunto do territorio da área é unha necesidade urxente. A pesar de que o citado convenio recolle que a interpretación que podería resolver o desacordo tarifario podería substanciarse a través da vía contencioso-administrativa, ningunha das dúas partes acudiu a este mecanismo, que a Xunta si que exerce, como xa se citou, para tentar anular xudicialmente a constitución da AMV.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que xestións realizou a Xunta de Galiza para a aplicación do convenio suscrito o pasado 6 de xullo de 2016, entre Concello de Vigo, a empresa Vitrasa



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/03/2018 18:10**  
**Nº Rexistro: 28034**  
Data envío: 15/03/2018 18:10:05.133

(como concesionaria do servizo de transporte urbano da cidade olívica) e Xunta de Galiza, para a integración de Vigo na área de transporte metropolitano de Vigo?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018

**Asdo.: Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/03/2018 18:06:32**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/03/2018 18:06:36**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/03/2018 18:06:38**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 15/03/2018 18:06:39**





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**


Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/03/2018 18:10**  
**Nº Rexistro: 28034**  
Data envío: 15/03/2018 18:10:05.133

**Olalla Rodil Fernández na data 15/03/2018 18:06:40**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/03/2018 18:06:42**



PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727